

## lourenzá

O Concello levará a cabo a sinalización dos recursos turísticos do municipio. **Pax. 7**

## foz

Primeiros pasos para a creación da área canina do Pico do Castro. **Pax. 8**

## viveiro

O concello, galardoado como un dos máis colaboradores coas doazóns de ADOS. **Pax. 10**

## burela

Xa se poden consultar os libriños antigos das festas na web municipal. **Pax. 12**

## xove

O CEIP Pedro Caselles Rollán, agasallado no certame Premios Innovaugas. **Pax. 16**

## A música é para o verán

A comarca convértese durante os meses estivais na perfecta anfitrioa, cun extenso programa de eventos de todo tipo de xéneros e formatos



## Constituída o Corporación provincial

José Tomé presidirá a Deputación, logo da toma de posesión dos cargos dos deputados. **Pax. 25**

## Novos sinais chegan ás vidas dos condutores

A Dirección Xeral de Tráfico introduce novos sinais, e actualiza e elimina outros. **Pax. 26-27**

## Actividades de verán



O Concello de Viveiro organiza visitas, percorridos panorámicos e rutas. **Pax. 11**

## Ribadeo Indiano



A oitava edición virá cargada de novidades e moita música. **Pax. 15**

## Romaxe Viquinga



Comezou a preparación das actividades para esa cita, que será o 29 de xullo. **Pax. 21**

## Achádegos no Galeón San Giacamo

A nova campaña no barco ribadense sacou á luz restos de porcelana chinesa. **Pax. 28**

## SE TANTO A QUERÍAS, XA TES A FIBRA QUE MERECEAS

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

**OFERTA VECIÑOS LUGO NON A DEIXES ESCAPAR!**

**Fibra 1.000 Mb**

**Móbil 50 GB**

**28€/mes**  
Durante 12 meses  
45€/mes  
**192 € DE AFORRO!**

**ENGAGE adamo TV POR SÓ 3€/mes**  
+100 Canais

**Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu paquete en [adamo.es](https://www.adamo.es)**

Oferta válida para novos clientes que non contrataran un Adamo nos últimos 3 meses e que contrataran entre 01/06/2023 e o 23/08/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+ · Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de IMA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos de Adamo de 12 meses. Coste de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se desexa de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo (a parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.



# A MARIÑA

## Un referente na música clásica

A décima edición do Festival Bal y Gay chegará á Mariña a contrastados artistas e grupos con proxección mundial

O Festival Bal y Gay, referente de música clásica en España polas súas excelentes propostas artísticas en espazos emblemáticos da Mariña, presentou a súa décima edición con 13 concertos do 10 ao 24 de agosto.

Maria João Pires, Konstantin Krimmel, Cuarteto Quiroga, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Juan Pérez Floristán co seu Trío VibrArt, Kebyart, Sara Ferrández, Rocío Pérez, Opera Omnia, Conrado Moya ou Katarzyna Myćka configuran un cartel espléndido que combina contrastados artistas e grupos nacionais e internacionais con mozos de gran proxección mundial.

A Real Filharmonía de Galicia, emblema cultural de Galicia con máis de 25 anos de historia, inaugurarán a décima edición do festival o 10 de agosto no Teatro Pastor Díaz de Viveiro cunha gala lírica dirixida por Maximino Zumalave. Posteriormente, Kebyart, talentoso cuarteto de saxofones e un dos grupos máis prometedores da escena musical actual, actuará o día 12 na Fortaleza de Alfoz. A soprano Rocío Pérez ofrecerá un recital o día 13 no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo e a violonchelista Sara Ferrández fará o propio o día 14 na Igrexa de Lourenzá.

A continuación, chegará un dos

momentos cume do festival: Maria João Pires. A pianista portuguesa, unha das mellores do mundo, estará o día 15 no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo. De seguido, o Cuarteto Quiroga,

### X Festival Bal y Gay

10 - 24 agosto 2023



aclamado en todo o mundo, tocará o día 16 na Basílica de San Martiño de Foz. O Pazo do Conde de Fontao de Foz será outro dos escenarios, acollendo a Juan Pérez Floristán, un dos grandes pianistas do momento, co seu Trío VibrArt o día 18 de agosto.

Os percusionistas Conrado Moya e Katarzyna Myćka presentaranse o día 19 na Fábrica de Sargadelos de Cervo, preludio do concerto de Opera Omnia, relevante formación española de música anti-

ga, o día 20 na Igrexa de Santiago de Foz. O recital do novo barítono alemán Konstantin Krimmel producirase o día 21 na Catedral de Mondoñedo. O quinteto galego Zoar soará o día 22 en Benquerencia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, unha das máis recoñecidas en España tras 30 anos de traxectoria, clausurarán o festival o día 24 na Catedral de Mondoñedo.

O Festival Bal y Gay é único a nivel nacional. Enche cada ano A Mariña de música en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de referencia en Galicia e España. Ademais, desexa facilitar que a poboación local goce dunha programación musical de excelencia en espazos extraordinarios onde a música comparte protagonismo coa historia, o patrimonio, a paisaxe ou a gastronomía da zona.

**ENTRADAS.** O Festival Bal y Gay puxo á venda as entradas para cada concerto da súa décima edición. Tras esgotarse os abonos, xa poden adquirirse as entradas en [festivalbalygay.com](http://festivalbalygay.com) con prezos que oscilan entre os 12 e os 15 euros, a excepción do recital de Pires (25 e 30 euros).

O gran reclamo do evento é a experiencia 360 que ofrece A Mariña, así como o alto nivel dunhas propostas artísticas comparables ás de calquera sala de gran prestixio nacional e internacional.



### PROGRAMA

- **10 de agosto**  
Real Filharmonía de Galicia con Maximino Zumalave no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.
- **12 de agosto**  
Kebyart na Fortaleza de Alfoz.
- **13 de agosto**  
Rocío Pérez no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.
- **14 de agosto**  
Sara Ferrández na Igrexa de Lourenzá.
- **15 de agosto**  
Maria João Pires no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.
- **16 de agosto**  
Cuarteto Quirogana Basílica de San Martiño de Foz.
- **18 de agosto**  
Juan Pérez Floristán co seu Trío VibrArt no Pazo do Conde de Fontao de Foz.
- **19 de agosto**  
Conrado Moya e Katarzyna Myćka na Fábrica de Sargadelos de Cervo.
- **20 de agosto**  
Opera Omnia na Igrexa de Santiago de Foz.
- **21 de agosto**  
Konstantin Krimmel na Catedral de Mondoñedo.
- **22 de agosto**  
Quinteto Zoar en Benquerencia, Barreiros.
- **24 de agosto**  
Orquestra Sinfónica de Galicia na Catedral de Mondoñedo.

**¡REBAJAS INCREÍBLES!**

**almayo**  
muebles

<b>RIBADEO</b> Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 Tel.: 636 761 883	<b>BARREIROS</b> Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10 Tels.: 982 585 709 / 652 110 377	<b>BURELA</b> C/ Curros Enríquez, 12 Tel.: 660 402 954
----------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------



# “Traballamos a prol dos dereitos sociais e os valores democráticos”

Xusto Fernández é o presidente do Foro Social da Mariña

## Que é a Asociación Foro Social da Mariña?

O Foro Social da Mariña quere ser un lugar de encontro, de intercambio de experiencias e de debate sobre as necesidades sociais. É unha entidade cívica que traballa a prol dos valores democráticos e dos dereitos sociais.

## Dende cando está activa?

A asociación constituíuse o 25 de novembro de 2022 e ficou inscrita no rexistro de asociacións o 15 de decembro. A partir desta data comezan as reunións e encontros destinados a programar actividades e actos acordados aos seus fins.

## Quen forma a directiva? Dende cando se atopa na presidencia?

A directiva a integran desde o 25 de novembro Isabel Vilalba

Seivane como vicepresidenta, Manuel Parga Núñez de secretario, Xosé Luís Fernández Rivera como tesoureiro, e Carlos Nuevo Cal, Xosé Lois López Rábade, Antonio Villarino Rego e Xoel Geada Geda como vogais. E eu, Xusto Fernández Haro son o presidente.

## Cantos membros son?

Na actualidade integran o foro unhas 50 persoas con presenza en distintas localidades da comarca e non temos local propio.

## Cales son os obxectivos?

Os obxectivos do foro son a defensa e promoción dos valores democráticos, das liberdades e dereitos individuais e colectivos. A colaboración e/ou coordinar a realización de actividades con outras entidades e colectivos en materia de memo-

ria histórica, igualdade de xénero, pacifismo, ecoloxismo, antirracismo, multiculturalismo, etc. E a defensa e promoción dos dereitos humanos e dunha ética da tolerancia.

## Que tipo de actividades fan?

Para levar a cabo os nosos fins, o foro organizará actividades como charlas, conferencias, xornadas, seminarios e obradoiros. Tamén homenaxes e recoñecementos a persoas ou entidades, elaboración de materiais e publicacións e a creación de páxina web, de espazos de convivencia, etc. Neste momento estamos preparando para o mes de xullo dúas mesas redondas.

## Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Estamos nunha fase inicial na que é importante a incorpora-



ción activa de máis efectivos ao foro e de irmos consolidando unha dinámica de traballo aberta e participativa, desde a pluralidade e a horizontalidade. Coa asociación queremos conseguir a complicidade e apoio das xentes da Mariña nos obxectivos enunciados e actuar como un punto de encontro.

## Cal é a problemática á que se enfrontan?

A problemática a que nos enfrontamos vén derivada do avance da extrema dereita como fenómeno global totalitario, que

pon en perigo o sistema democrático e a súa necesaria afondamento e os dereitos sociais conquistados. Nós pretendemos enfrontar esta problemática desde a acción sociocultural; en coordinación con outras entidades e colectivos. Utilizamos as infraestruturas públicas para as nosas actividades e a medida que vaíamos aumentando unha programación máis elaborada e ambiciosa é posible que precisemos dun maior apoio. É unha cuestión a valorar no seu momento.

## En marcha o programa de dinamización cultural do rural galego, Mariña Inmaterial

O programa de dinamización cultural do rural galego Mariña Inmaterial distribuirá a súa programación ata o 28 de xullo polos municipios de Trabada, Xove, Barreiros, Alfoz, Valadouro e Cervo.

A programación proposta por Mariña Inmaterial pivota ao redor do traballo de recollida e análise do antropólogo Rafa Quintía, presidente da Sociedade Antropolóxica Galega e vicepresidente da Asociación Galega de Antropoloxía Social e Cultural. Este experto desenvolveu nos últimos meses unha investigación sobre o acervo cultural inmaterial, da memoria dos maiores e do amplo corpus de lendas da comarca lucense da Mariña.

En xullo desenvolverase o día 26 no marco da Pena Verde, en Trabada. Esta contorna natural dará acubillo a unha conferencia sobre megalitismo, á que lle seguirá unha actuación de danza contemporánea da man de Rut Balbís e Verónica Moar. O programa continuará ao día seguinte, o 27 de xullo, nas ruínas de San Tirso de Portocelo, en Xove. A charla abordará a Barca de Pedra e o dúo BellónMaceiras porá a nota musical. O programa culminará o 28 de xullo na capela antiga de Santa Eufemia de Trasbar. Nesta pequena igrexa do municipio de Cervo tratarase o mito cristián e contarase cunha video-creación asinada pola artista Sabela Eiriz.

## Instaladas medidas de seguridade na estrada que une Escourido coa praia de Abrela



O Concello de Viveiro instalou nos últimos días varios balizamentos e barreiras de seguridade na estrada que une Escourido coa praia de Abrela. Estes elementos foron instalados nunha lonxitude de 92 metros da estrada, na súa marxe

dereita, en dirección á praia de Abrela.

A instalación realizouse coa fin de garantir a seguridade viaria nesta zona pois na época estival é unha estrada moi concurrida polos turistas que adoitan visitar a praia vicedense de Abrela.

## Sinfónico no rural abre as inscricións para o vindeiro curso

O programa Sinfónico no rural abre as portas das inscricións para o vindeiro curso nos concellos de Alfoz e Barreiros.

Así, este espazo colectivo que favorece o benestar integral e a transformación sociocultural a través da música está dirixido a nenos de 7 a 12 anos.

Para solicitar máis información ou facer xa a preinscrición para o curso que vén haberá que chamar ao 699 410 878.

Os obxectivos xerais son os de promover o benestar integral das persoas e construír unha comunidade equilibrada a través da música como elemento clave de intervención e transformación social e cultural e crear un espazo colectivo seguro e afectivo.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com



# Un verán de festa en festa

As localidades da provincia programan na época estival diferentes citas culturais, históricas e musicais

## A MARIÑA

A Mariña cobra especial relevancia durante o verán pola cantidade de festas que se celebran.

Así, nas relacionadas con recreacións históricas destacan a **Festa Normanda de Foz**, que será os días 24, 25, 26 e 27 de agosto, e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense; a **Romaxe Vikinga do Vicedo**, que se celebra na praia de Area Grande o sábado 29 de xullo; o **desembarco de Carlos V** ou  **Mercado Renacentista de Viveiro**, na que as rúas da cidade do Landro trasládanse a outra época do 6 ao 9 de xullo; o **Ribadeo Indiano**, do 7 ao 9 de xullo, unha das citas clásicas do verán e que fai homenaxe ás familias emigrantes que tanto deron á terra galega; o **Mercado Medieval de Mondoñedo**, que chega a súa XXXI edición o 11, 12 e 13 de agos-



to; e o **Mercado Medieval de Alfoz** que adoita celebrarse a mediados de xullo e que conta con espectáculos, música en vivo, exposicións e moita diversión.

O culto á **Virxe do Carme**, o 16 de xullo, está especialmente arraigado nos pobos da Mariña coma Foz, O Vicedo, Burela, Ribadeo e Viveiro, que celebran vistosas procesións marítimas en homenaxe á patroa.

A comarca tamén conta coas exaltacións gastronómicas como a **Feira do Bonito de Burela** na que é posible degustar este peixe de variadas formas, á vez que se pode visitar no porto o barco-museo. Esta cita é a primeira fin de semana de agosto.

O porto de Celeiro convértese a mediados de xullo no escenario onde se rende homenaxe á raíña das súas capturas coa **Festa da pescada do pincho de Celeiro**. A lonxa acolle a degustación deste peixe capturado de xeito tradicional con anzol.

Na **Festa do Percebe de Rinlo**, que adoita celebrarse a primeiros de agosto malia que depende das mareas, os asistentes poden degustar este exquisito crustáceo a prezos inmejorables.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

Coincidindo co Día da Gaita Galega, o 4 de agosto, o miradoiro de Santa Cruz, no monte de Ove, acolle a **Romaría de Santa Cruz de Ribadeo**, unha tradicional xira animada por grupos de gaitas e ofrendas florais.

As **Festas de San Lourenzo de Foz**, o 10 de agosto, son as festas por excelencia da vila focega, cuxa poboación se multiplica en agosto grazas á afluencia de veraneantes. Están amenizadas por orquestras, pasacalles, e grupos folclóricos, unha feira de mostras e un torneo de fútbol. O sábado 12 de agosto, San Cibrao

enxalza a súa cultura mariñeira recreando a lenda da súa famosa serea coñecida como **A Maruxaina**. Neste día, a xente do mar porta polas rúas á serea nunha procesión que culmina na praia do Torno, onde se lle realiza un particular xuízo que termina co seu indulto.

A **Queimada Popular de Cerro**, que adoita ser o sábado seguinte á Maruxaina, reúne na vila a milleiros de visitantes xunto cun bruxo vestido de palla encargado de pronunciar o esconxuro e escorrentar os malos espíritos coa máxica beberaxe.

Os últimos días de agosto, a contorna do río Landro, convértese en punto de encontro para milleiros de persoas que durante varios días gozan da **Romaría do Naseiro**. Neste lugar levántase un auténtico poboado con cabanas feitas ex profeso para desfrutar da festa.

Outro tipo de celebracións como son a **Festa dos Chóferes de Alfoz**, á que adoitan acudir centos de vehículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos. Esta cita será o 28, 29 e 30 de xullo; os tradicionais festexos do **Conde Santo de Lourenzá**, a última fin de semana de agosto, nas que destacan especialmente dúas tradicións, o pasacalles que todos os días realizan os xigantes e cabezudos, tamén chamados cocos, e a visita ao sepulcro do Conde Santo o domingo despois da misa. A **Mostra Folclórica Internacional de Viveiro** que posiciona a vila como un referente cultural durante a primeira fin de semana de agosto.

Tamén están as celebracións vinculadas á tradición cabalar, e que están declaradas tamén, son a **Rapa das Bestas de Candaoso** de Viveiro, o 2 de xullo, a de **Santo Tomé no Valadouro** a primeira fin de semana de agosto ou a do **Turismo Rural do Vicedo** nos prados do monte de Riobarba a mediados de xullo.

## TERRA CHÁ

A primeira do verán é a **Feira de Artesanía de Outeiro de Rei**, que se ce-

lebra a primeira fin de semana de xullo e que fai coincidir coas patronais, na honra a Santa Isabel. Concentra unha media de 90 postos e complétase con outras actividades como unha andaina solidaria, demostracións, exposicións, concursos, obradoiros, e un sen fin de actividades.

Guitiriz conta cunha gran actividade no verán. A cita principal é a **Feira da Cantería, Callos e Artesanía**, que se celebra a mediados de xullo en Parga. Tamén nesta localidade ten lugar outra cita de interese, para abrir agosto, o **Festival de Pardiñas**, que é Festa de Interese Turístico de Galicia. Xa a mediados deste mes, tamén se celebra na localidade dos Vilares a **Romaría Labrega da Chaira**, de exaltación do traballo no campo, na carballeira do Cancelo. Tamén destaca por celebrar a primeiros de xullo o **Festival de Cine de Música na localidade de Roca**, unha iniciativa que segue a medrar.

En **Rábade** as festas patronais son no mes de agosto, a mediados. Non son unhas festas ao uso xa que varias actividades son moi destacadas. As festas dan comezo cun festival folk (**Rabafolc**) e conta no programa coa Esbatuxada, o descenso do río Miño en embarcacións de fabricación caseira; o Subidón dos avós, a tradicional carreira de avós e netos, ou a descarga pirotécnica.

Polas mesmas datas son as festas de **Meira**, nas que unha extensa programación que conta con merendas, carreira e **Xira** campestre, remata coa tradicional **Malla**, que é Festa de Interese Turístico Galego, sempre cara finais do mes de agosto, cunha malla no centro da localidade con exposición de maquinaria antiga incluída. En Meira tamén se recuperou o **San Cristóbal**, que se celebra a mediados de xullo. Malla tamén hai nas mesmas datas en Castro de Rei e en Friol, esta última de recente creación grazas ao colectivo A Castronela. Nas dúas capitalidades as festas patronais son en xullo mentres que en **Castro Ribeiras de Lea** teñen lugar a primeiros de agosto.





En Pol a festa principal é o 24 de agosto, que se celebra a tradicional **Festa do Emigrante**, que ten como eixe principal un xantar de confraternidade.

En Abadín regresa o **Descenso de carrilanas**, que se recupera este ano tralo parón de tres anos pola pandemia ao que se engade o novo **Festival da Rumboia**, organizado pola asociación do mesmo nome.

Na Pastoriza, coa desaparición do Lugnasad, a festa de recreación celta, só queda unha cita no concello para o verán, o **Festival da Chaira**, no mes de xullo. En Begonte tamén o verán destínase ás festas parroquiais e destaca unicamente a **Festa da Empanada**, que se celebra no Club Fluvial despois do 15 de xullo. En Cospeito, queda como eixe da programación estival o **Festival Cultural Pozomouro**, que se celebra en agosto en Muimenta.

En Muras a gran cita deportiva do verán é o **Trail das Bestas**, que ten lugar o 16 de xullo.

As festas que pechan o calendario do verán son as de **Vilalba**, que contan cun programa moi amplo, no que destaca a **Xira**, que conta con dúas partes, a de maiores e a da mocidade. As festas dan comezo a finais de agosto e se alongan ata os primeiros días de setembro.

Na veciña localidade das Pontes, a principal cita serán as **Festas do Carme**, que se celebran xunto á tradicional **Romaxe da Fraga**. Os veciños acoden coas súas comidas á ribeira do río Eume festexando o Día de Santiago Apóstolo.

## LUGO

A capital perde protagonismo no verán. Pola contra, na súa comarca destaca a **Festa do Pemento de Mougán**, en Guntín, que se celebra na Carballeira de Meixaboi, na parroquia do mesmo nome. Nela pódese degustar este famoso pemento de forma gratuíta. Ten lugar a primeiros de agosto, antes da **Festa Artesanal de Ferreira de Pallares**.

En Castroverde as festas patronais son coincidindo co Santiago Apóstolo e rematan o mes coa **Feira do Cabalo**. Xa a finais de agosto celébrase tamén a **Feira da Artesanía e a Gastronomía**, con demostracións de oficios.

En Portomarín e O Corgo as festas e grandes citas non son no verán, pero neste último fíxose o último ano unha Feira de Ano en Gomeán, a mediados de agosto, e o Mercado de Oficios, centrado na artesanía a finais de mes.

## A ULLOA

En Monterroso, a finais do mes de xullo teñen lugar varias citas festivas na localidade. Comezan co **Concurso de tapas** e celebran tamén a **Festa Retro** e a **Festa da Xuventude**, en fins de semana consecutivos. Sobre a 15 de agosto tamén se celebra en

Monterroso a tradicional **Malla**. En Palas de Rei tamén hai **Festa da Xuventude** a mediados de xullo.

## A MONTAÑA

A Fonsagrada é unha das localidades onde se celebra o **San Cristóbal**, a festa dos chóferes a principios de xullo. Logo, a mediados de agosto ten lugar o **Mallinrí**, no Val de Piñeira, onde gozar dunha festa dedicada á malla tradicional, na que poderán deleitarse cunha agradable comida campestre.

En Baleira celebrouse o ano pasado a primeira **Degustación da Tenreira Suprema**, que tivo lugar como remate de xullo e que aínda non ten confirmada unha segunda edición.

En Baralla o verán conta con varias celebracións vinculadas á Vía Küning no mes de xullo, como o raid e a carreira. Tamén comezan o verán coa **Festa do Río**, a cargo do colectivo Airiños do Neira. Este mesmo grupo organiza un **Encuentro Cultural** a mediados de mes. Destaca en agosto a celebración do **San Vitorio**, festas que son famosas tamén polas súas verbenas, os bailes rexionais e unha romaría campestre.

O lugar de Piorno do municipio de Cervantes celebra en agosto unha nova edición da **Festa da Pandeira** na que o público desfruta coas actuacións das tocadoras.

Tamén na Montaña está previsto o **Festival Alto Navia**, en Negueira de Muíñiz, que terá lugar a final de xullo. O verán en Pedrafita do Cebreiro conta coa **Festa do Peregrino**, polas mesmas datas.

## SARRIA

Na comarca sarriá prevese a segunda edición da **Foliada de Lán cara**, o 29 de xullo.

Sarria celebra, por outra parte, o seu décimo **DHU Vila de Sarria**, un descenso en bicicletas polas rúas da vila, onde os mellores corredores terán que saltar desde teitos de casas, esquivar obstáculos e chegar á meta no Chanto no menor tempo posible. Cambiando xa de concello, o día 12 de agosto terá lugar, a **Festa da Troita en Lán cara**, un evento que



se programa todos os anos en datas próximas ao San Roque, ao que se lle dedican as festas patronais da Pobra de San Xiao. Durante esta Festa da Troita, establecementos hostaleiros de Lán cara serven quilos de maneira gratuíta. A intención da festa é exaltar o produto tradicional da zona.

Ese mesmo día, o 12 de agosto, terá lugar a **Festa da Xuventude** en Vila-ragunte, Paradela, organizada pola Asociación de Veciños da parroquia. O 13 de agosto, Samos recuperará a súa **Feira de Produtos Artesanais**, que non se celebraba desde antes da pandemia, na que haberá actividades durante todo o día con postos de artesanía, degustación de produtos e actuacións musicais.

Xa o 19 de agosto, Lán cara acollerá a **Festa da Xuventude** na praia fluvial da Pobra de San Xiao, como o ano pasado. Esta iniciativa estará, ademais, enmarcada nas **Festas de San Roque**, que darán comezo uns días antes e que acollerán actuacións musicais, a degustación da Troita de Río Neira, xuntanzas motociclistas ou carreiras de rolos.

## RIBEIRA SACRA

O primeiro evento da Ribeira Sacra será a **Feira Tradicional Outrora** en Bóveda, o 14 de xullo. Durante esta festa, veciños e visitantes poderán desfrutar de exhibicións con motosserra, obradoiros de artesanía fami-

liares, xogos tradicionais, degustacións de comida e moita música.

Ese mesmo día e os dous seguintes, é dicir, desde o 14 ata o 16 de xullo, celebrarase a edición **XLIX edición da Subida a Chantada**. Este evento é o Campionato de España de Montaña e faise en memoria de Manuel Varela González.

Un día despois, terá lugar o **Encuentro Nacional de Festas Tradicionais con Lume** en Castelo Taboada, no que se exporá a importancia destas festas do Lume en diferentes localidades de España.

Xa o 22 de xullo, Folgoso do Courel acollerá a súa **Festa da Cultura e a Tradición**, que contará con exposición de xogos tradicionais e postos de artesanía, pero a súa actividade máis importante é a **Baixada de Carrilanas**, na que poderán participar as persoas que queiran.

Con respecto a agosto, o primeiro evento será no concello de Quiroga, celebrará do 3 ao 6 de agosto as súas **Festas do Verán**, que rematarán o día 10 coa **Mostra do Mel**.

O Saviñao acollerá unha nova edición de **Música na Rúa** os días 4, 5 e 6 de agosto; nos cales os veciños e visitantes poderán desfrutar de varias actuacións musicais de grupos de música recoñecidos.

No concello de Monforte, pola súa parte, do vindeiro 4 ao 9 de agosto terá lugar a 23ª edición da **Feira de Artesanía Artelemos**, que contará

con moitos e variados postos de artesanía.

O domingo 6 de agosto, ademais, celebrarase o **Filandón de Músicas do Courel** en Folgoso, un evento de interese turístico, que acollerá actuacións de cantores brindeiros, coplas de cego e gaiteiros, entre outros.

Un día despois comezarán as **Festas Patronais de Monforte**, que durarán ata o 16 de agosto e contarán co grandes concertos, así como o **Festival Cómico Festivo A Rúa é Vosa**.

Pola súa parte, as **Festas na honra á Virxe dos Miragres** de Taboada durarán tres días, do 11 ao 14 de agosto, e acollerán, entre outras actividades musicais, culturais e turísticas.

En Sober, do venres 12 ao sábado 13, terá lugar a **Feira da Rosca**, na que haberá postos de gastronomía propia, como a rosca de pan, o mel ou outros produtos da Ribeira Sacra. Ademais, no marco desta iniciativa, desenvolverase o **Túnel do Viño de Amandi**, unha ocasión para saborear o sabor dun viño único, e a **Feira Avícola**.

Xa o xoves 17 comezará en Monforte o **Ciclo Monforte Fusión**, no que durante tres días haberá actuacións musicais con propostas diferentes, como pezas de música lixeira, jazz, tango, bolero, bossa nova, funky, soft rock ou o swing.

O sábado, día 19, terá lugar unha nova edición da **Festa Castrexa Romana Qui-Roma**, en Quiroga, na que haberá diferentes actividades para recordar o pasado romano e castrexo da zona con rutas de cabalos, desfiles, exposición de cetrería e recreación de loitas de gladiadores.

En Chantada, o mes de agosto termina con moitas e diferentes actividades, que terán lugar desde o 23 de agosto, coa **Mostra de teatro Maruxa Villanueva en Chantada**, ata o 29 de agosto, coa **Festa da Empanada**. Concretamente, do 23 ao 27 agosto Chantada acollerá diferentes representacións teatrais no marco da Mostra; mentres que as Festas Patronais comezarán o 25 e acollerán o **Folión de Carros** o 26. Así, rematarán o 29.

O mesmo día, o 27 de agosto, pero en Quiroga, terá lugar a **Feira de Artesanía e Produtos Locais**.





## NOVAS

# “En épocas de dificultades pódense facer políticas que beneficien á maioría”

O lucense César Mogo é o senador da provincia de Lugo polo PSOE

## Que obxectivos ten o partido?

Consumar desde Lugo a maioría do goberno do Partido Socialista. Estamos nunha elección moi competitiva porque se produciu o reagrupamento da dereita pola desaparición de Ciudadanos, nós consideramos que estamos fortes, pero queremos sumar o maior número de deputados e senadores para gañar o goberno da nación, que é o que toca se non queremos levar un retroceso social en todas as ordes durante a seguinte lexislatura. Sumar para a maioría de Pedro Sánchez.

## Que expectativas hai?

Hai convencemento. As enquisas marcan ás veces realidades que non se teñen que cumprir porque non deixan de ser exploracións, e o cidadán decide máis durante a campaña e os últimos días antes das eleccións. Na miña experiencia política, para min non é unha situación difícil, porque se lle pode dar a volta e vai ser así, porque hai unha maioría social que non se reactivou. Ademais, o perigo e o risco que supón a dereita e os desordes políticos e sociais que pode traer.

## Cales son as liñas programáticas principais?

Hai un elemento fundamental do Partido Socialista: En España, en Galicia e en Lugo acabou coa tendencia conservadora de que as crises e os problemas sempre os pagan a maioría da xente porque non é posible facer políticas e repartir o diñeiro nunha crisis. Nós, nunha pandemia e guerra, cos efectos que tivo en toda Europa, a política de Pedro Sánchez é un faro para Europa, xa que subiu o salario mínimo, baixou o paro e subiu

as pensións. En épocas de dificultades pódense facer políticas que beneficien á maioría este é o eixo programático do PSOE, sabendo que superamos un límite no que pensabamos que as crises afectaban á maioría da poboación, e seguiremos traballando nesta liña.

## O tema das pensións é un eixo principal?

As pensións xa non serán un eixo na medida na que xa é unha conquista. Poñía de exemplo as pensións porque se fixo unha gran reforma e cun calado que é máis importante do que se percibe e que se basea en dúas cousas: faise xustiza social, subíndolle o que sobe o custo da vida e que non sufran as consecuencias da guerra en Europa, e faise unha reforma do sistema que permite que poida manterse 30

**“Síntome moi orgulloso de ser da Mariña, pero síntome tamén moi lucense, xa que estiven na zona sur tamén. Coñezo a provincia como a palma da man”**

ou 40 anos. Estamos traballando hoxe, pero para os pensionistas de mañá, garantindo a viabilidade no futuro. A xente pensaba que non ía ter pensións no futuro, pero é unha incerteza superada. Aumentáronse os ingresos e é unha proba superada. Eu dígo con toda a modestia, eu son o único senador

de Lugo que votou a favor de que os pensionistas cobrasen máis, unha reforma xusta que beneficie á xente. O que quero incidir é que o programa estase terminando de elaborar e consultar, pero o eixo de tomar medidas no emprego, nas pensións, na dependencia... serán fundamentais no programa, e seguiremos gobernando ben a economía, que é a que menos taxa de inflación ten en Europa. Un gran eixo de programa vai ser o bo goberno da economía que levamos a cabo, está ben gobernada e faise en beneficio da maioría.

## Cales son as necesidades máis relevantes agora mesmo da provincia?

Teño que dicir unha cousa do Viaduto do Castro con claridade: nós apostamos sempre pola seguridade. E desde o primeiro momento o PP quería que se reconstruía inmediatamente. Agora parece que hai un informe que vai permitir darlle un impulso á obra para que se fagan os dous tramos ao mesmo tempo. Pero nós sempre primeiro garantindo a seguridade dos traballadores que o teñen que facer. Gustaríame que o PP tivera o mesmo celo cunha estrada como é a de Folgoso do Courel, que é unha chapuza lendaria que non se vai poder cruzar ata dentro dun ano ou dous anos. Pero iso foi un accidente da infraestrutura que haberá que terminar e temos un técnico para saber a orixe e que se vai reconstruír coa máxima celeridade e está previsto que unha das vías se poña en funcionamento. Pero as infraestruturas de estradas hai que traballar máis ben en algunhas redes viarias que quedan sen explotar. A A-74 da Mariña é unha necesidade, rematar a A-54 a Santiago-Ourense. Entón, as grandes obras de infraestruturas sempre viñeron da man do PSOE e eu sempre pido que os do PP me digan unha gran obra deles e nunca din ningunha. Nós queremos que se estendan as grandes infraestruturas durante os vindeiros catro anos, tal e como se fixo nesta lexislatura, que se investiron máis de 500 millóns de euros no tren Lugo-Ourense. E falando do tren, hai que traballar xa por mellorar os servizos ferroviarios, unha estase facendo a Ourense e outra á Coruña, ese é o gran reto da provincia: as infraestruturas.

## E a nivel industria?



A pesar de que as competencias en Industria son da Xunta de Galicia, a política industrial da Xunta non existe. O cabeza de lista que vai ao Congreso dos Deputados da Xunta deixou detrás un deserto industrial, desapareceron. A parte da industrialización e das infraestruturas, temos que dotar de moito máis servizos ao medio rural, como por exemplo completar a rede de 5G da provincia.

## Que lle aporta á provincia ter un

**“As grandes obras de infraestruturas sempre viñeron da man do PSOE e eu sempre pido que os do PP me digan unha gran obra deles e nunca din ningunha”**

## senador en Madrid?

Primeiro, porque na elaboración das leis o Senado ten o mesmo papel que o Congreso, con menos difusión pública, pero a mesma. Cada lei que afecta aos lucenses pasou polo Senado igual que pasou polo Congreso, entón temos o mesmo papel. Se non se aproban as cousas no Senado, prodúcese unha situación de estancamento. Ademais do labor lexislativo, faise un labor de goberno e hai unha marxe de iniciativas lexislativas importantes, aínda que sexan caladas. Logo plasmáronse en presupostos, como pedir apoio para reformar o tren que pasa pola Mariña, que se plasmou nos presupostos. Así, hai un labor compartido co Congreso, pero tamén hai espazo de sosego e menos intensidade para levar ao goberno intereses da provincia. No Senado temos que ser autocríticos, por outra banda, porque había que darlle un compoñente máis territorial e que as comunidades puideran expoñer as súas necesidades

e incluso criticar o noso traballo. O labor do senador é parecida ao do deputado, pero ten posibilidade de representación de territorio que no Congreso non se dá moitas veces.

## De que logros se sente máis orgulloso?

Nestes catro anos traballando síntome satisfeito sobre todo con respecto ás pensións, tema no que eu dei o meu apoio persoal e é moi emocionante ver como a reforma laboral está levando a moitos rapaces a obter contratos, iso no carácter xeral. E logo, de participar nos debates galegos. Anecdoticamente, no Senado pódese participar en galego nalgunha moción e nas iniciativas e a min cábeme satisfacción por levar o galego ao Senado e sempre que puiden facelo, fíxeno.

## En que partes da Mariña estivo?

Estiven en todo o territorio. Os meus conselleiros principais son os alcaldes e alcaldesas, son os meus ollos. O parlamentario sabe o problema pero alguén indícache onde está e di a complexidade do problema. Síntome moi orgulloso de ser da Mariña, pero síntome tamén moi lucense, xa que estiven na zona sur tamén. Coñezo a provincia como a palma da man. Teño na cabeza a provincia enteira e o desfrute ademais porque traballar pola provincia é unha honra.

## Por que hai que votar ao PSOE?

Con todos os respectos a todas as forzas, nestas eleccións o cidadán ten que darse conta de que as eleccións xerais son unha elección onde se ten que escoller entre Sánchez e Feijóo. É lexítimo votar a outras forzas, pero non vai sumar. Creo que hai un dobre reto, primeiro que haxa a maior participación posible nestas eleccións e, segundo, que as forzas progresistas sumen máis que as de dereitas. O PSOE está en condicións de sumar unha maioría. O cidadán ten que analizar este dilema a quen debe votar para obter esa maioría.





## A vila acollerá un encontro no que se afondará na vida de Del Riego

Lourenzá, a vila natal do protagonista do Día das Letras Galegas 2023, acollerá do 4 ao 6 de setembro un encontro de tres días no que se afondará no seu legado dende diversas perspectivas. Preto de vinte especialistas de distintas institucións analizarán a biografía e a obra de Fernández del Riego como activista, intelectual, estudioso e escritor nos sucesivos contextos históricos que percorreu na súa case centenaria vida. A Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lourenzá colaboran na organización da cita que, baixo o título Francisco Fernández del Riego na cultura galega do século XX, forma parte da oferta de cursos de verán da USC. A inscrición debe formalizarse a través da páxina web da Universidade. A Real Academia Galega publicará posteriormente os traballos presentados neste marco no seu Boletín.

Francisco Fernández del Riego (Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010) implicouse dende moi novo no mo-



vemento galeguista dende unha perspectiva progresista e aberta a Europa e ao mundo. Foi, primeiro, un destacado líder estudantil na Compostela universitaria da II República e membro activo do Partido Galeguista, e tras a guerra, actor fundamental da resistencia cultural durante o franquismo, fundador da editorial Galaxia, promotor de numerosas iniciativas a prol da lingua e da cultura galegas. En todos estes perfís profundarase no curso de ve-

rán, que será inaugurado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, na tarde do luns 4 de setembro.

O presidente da Academia abrirá o foro cunha conferencia sobre Francisco Fernández del Riego nesta institución. O homenaxeado estivo vinculado a ela dende 1948, primeiro como académico correspondente e logo, a partir de 1960, como numerario. Unha das súas primeiras iniciativas como tal foi propoñer a creación do Día das Letras Galegas que, 60 anos despois da primeira edición dedicada a Rosalía de Castro, agora el mesmo protagoniza. O intelectual foi ademais presidente da RAG entre 1997 e 2001, un período no que a Academia iniciou un notable proceso de modernización.

A xornada inaugural continuará cun relatorio biográfico de María Dolores Villanueva Gesteira, autora de Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia (Galaxia, 2023) e colaboradora fundamental de don Paco nos seus últimos tres anos de vida.

## O Concello levará a cabo a sinalización dos recursos turísticos do municipio



O Concello de Lourenzá vai levar a cabo a sinalización dos recursos turísticos do municipio, concretamente do Val da Faba. O proxecto inclúe a instalación de varios planímetros culturais e varias sinais de orientación que servirán de guía ao visitante no seu percorrido polo Val no que se cultiva a faba de Lourenzá.

A cuantía do proxecto suma 18.000 euros e está financiado cunha axuda da Axencia de Turismo de Galicia. “Esta actuación

permitenos mellorar a sinalización dos nosos recursos turísticos e ofrecer ao visitante unha maior liberdade para que poidan vivir a súa propia experiencia e disfrutar dun xeito máis autónomo dese percorrido”, dixo a rexedora local, Rocío López.

O circuito plantexado discorre entre hectáreas de plantacións de Faba de Lourenzá, a Área Recreativa do Muíño do Pereiro, Pazo de Tovar, Mosteiro de San Salvador, ríos, fontes, e zonas de paseo.



Asociación GDR 1  
Terras de Miranda.  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

## O GDR TERRAS DE MIRANDA APOSTA POLO ESPELEOPARQUE DE A MARIÑA, A TRAVÉS DUN PROXECTO DE ANIMACIÓN DENTRO DO PROGRAMA LEADER 2014-2020



**A actividade “Geolodía. El agua disuelve los granitos de A Mariña”** estivo organizado pola Universidade de A Coruña, Instituto Universitario de Xeoloxía Parga Pondal, Federación Galega de Espeleoloxía, Club Espeleolóxico A Trapa de Vigo, Xunta de Galicia, GDR Terras de Miranda e Concello de Alfoz e coordinado pola Sociedade Xeolóxica de España.

Estas xornadas trátanse de rutas xeolóxicas de campo guiadas por xeólogos, realizadas en lugares de gran interese xeolóxico que ofrecen unha información sinxela pero rigurosa, poñendo en valor o Patrimonio Xeolóxico e a necesidade de protexelo.

A actividade contou con un cheo total de prazas (50 asistentes), visitando o Pregue tumbado de Mondoñedo no porto de Burela, os Rills Dunares na praia de A Marosa en Burela, os Rills en A Frouxeira en Alfoz, a Calera de Ribeira e os Rills en Castromaior, cunha comida na Área Recreativa de Tronceda en Mondoñedo.

Segundo o presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, Gonzalo Villamea, A Mariña é unha potencia xeolóxica a nivel turístico porque ten a causística de que nun espazo relativamente pequeno aparecen as tres formas de Karst: exokarst, parakarst e endokarst.

Os obxectivos do proxecto son poñer en valor os recursos xeolóxicos do territorio, consolidar a figura do Espeleoparque de A Mariña, crear sinerxias entre os diferentes recursos do territorio e impulsar a realización de actividades que repercuten na desestacionalización do turismo.





## A ANPA do Fondo Nois organiza un verán de teatro dedicado á mocidade

A ANPA do Fondo Nois de Foz organiza un verán de teatro no veciño concello de Burela e que se celebrará nos meses de xullo e agosto. Este curso está dedicado a nenos de entre 7 e 12 anos e adolescentes de 13 a 17 anos.

Esta cita teatral será os sábados en diferentes quendas, para os máis cativos de 10.00 a 12.00 horas e para os maiores de 12.00 a 14.00 horas.

O teatro para nenos será a través do xogo para potenciar a creatividade e fomentar a expresión corporal e a participación creativa co grupo. Os adolescentes indagarán nas ferramentas fundamentais do camiño de actor traballaron a sensibilización corporal, a atención e a imaxinación.

Para anotarse ou solicitar información haberá que chamar ao 661 062 984 ou mandar un correo a dani.otero1993@gmail.com.

## Primeiros pasos para a creación da área canina no Pico do Castro

A instancias do Concello de Foz, a empresa NEDGIA levou a cabo a demolición das vellas instalacións de distribución de gas situadas no Pico do Castro, ao carón do cemiterio focego, repoñendo a finca municipal ao seu estado inicial. Os traballos consistiron na desgasificación e extracción do tanque, a retirada das cubertas de uralita das edificacións, a limpeza e extracción de residuos e a consolidación e reposición do terreo. Neste lugar construírse o primeiro parque canino da Mariña.

O alcalde en funcións, Fran Cajoto, explica que “este é o primeiro paso para a construción do primeiro parque canino da Mariña, que ocupará unha superficie de máis de 2.000 metros cadrados no entorno do Pico do Castro. Deixamos en pé as edificacións existentes, co obxecto de aproveitalas como elementos auxiliares do parque se fora preciso. Grazas ao traballo dos alumnos



da Escola Obradoiro o parque vai a ser unha zona segura para ceibar as nosas mascotas, nun entorno no que poderán desfrutar do aire libre, con estruturas de *agility* e puntos de auga para beber. Este proxecto incluímo-lo tamén na nova solicitude de escola obradoiro de xardinería, á que concorreremos de novo cos concellos de Alfoz e o Valadouro.”

Cajoto engade que “as instalacións de almacenamento e distribución de gas levaban moitos anos pechadas e non foi ata o requirimento do Concello de Foz cando se desmontaron: preocupanos o coidado da nosa vila e con ese obxectivo imos traballar no vindeiro mandato, mellorando ou creando novos servizos como este”.

## A Festa Normanda será os días 24, 25, 26 e 27 de agosto

A organización da Festa Normanda de Foz informou de que a cita festiva celebrarase os días 24, 25, 26 e 27 de agosto e de que xa está aberto o prazo de inscrición para participar no mercado.

Para asistir ou participar será necesario poñerse en contacto mediante correo electrónico en: [mercadonormando@gmail.com](mailto:mercadonormando@gmail.com).

A Festa Normanda é unha das festas máis recentes que se celebran en Foz e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense.

De momento non hai confirmación do programa pero previsiblemente haberá un mercado medieval, unha obra teatral que teatraliza o desembarco e o afundimento dos barcos vikingos ademais de actividades, xogos e teatro para os máis pequenos.

Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focego de Tupide, o desembarco viquingo e o combate entre a poboación e os invasores normandos.

## Foz sumouse ao movemento LGTBI

O municipio volveu vestirse coas cores do movemento social LGTBI nos balcóns coas bandeiras multicolor en todos os edificios municipais. Ana Rojo engade que “dende o Concello rexeitamos calquera discriminación por motivos de orientación sexual, abrazamos a diversidade, a tolerancia e a igualdade, fomentado dende a institución local a inclusión, o respecto á liberdade sexual sen ser xulgadas ou sinaladas”.



## Alumnos do CEIP Nº1 presentaron un proxecto sobre sustentabilidade



O alumnado de sexto curso do CEIP Nº1 presentou o seu proxecto na Casa Consistorial de Foz sobre a Sustentabilidade no Camiño. Esta iniciativa consta dun completísimo tríptico de promoción de Foz moi centrado na concienciación medioambiental.

Dende o Concello quixeron agradecer e parabenizar “ao alumnado e profesorado por tan encomiable labor. O noso

ánimo para seguir adiante nun camiño tan importante como é o de coidar a natureza e defender os nosos ecosistemas”.

Nesta iniciativa pódense atopar recursos sobre a vila e as parroquias, explicacións turísticas, entrevistas a persoeiros focegos ou mapas interactivos, entre outros.

Tamén contan cun apartado sobre o feísmo no Camiño de Santiago e na propio municipio.



### GEOCLIMA ST

CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**

  
REFRIGERACIÓN

  
CALEFACCION

  
SOLAR TÉRMICA

  
BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)



# “Os eventos en toda a comarca sempre teñen tirón comercial”

ACIA Foz CCA leva 35 anos formando parte da vida dos focegos

José Carlos Paleo é o presidente da Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos dende o ano 2010.

## Acia Foz CCA cumpre 35 anos.

Si, son 35 anos con moita historia, con moitas vendas e con moitos eventos. Nestes 35 anos de traballo podemos dicir que non todas as tarefas e as épocas foron sinxelas pero si moi agradecidas. Nós levamos desde o 2010 presidíndoa malia que se creou en 1988.

## Como se consegue manter durante tanto tempo?

Pois basicamente baséanse na continuidade e na colaboración de todos os grupos tanto deportivos como culturais, e de todos os eventos que se fan no concello así como e fundamental a axuda do Concello e a Xunta de Galicia.

## Preparan algún acto polo aniversario?

Polo momento non estudamos facer ningún evento especial, pois non queremos solapar coa gran

cantidade de actividades culturais e turísticas coas que conta o municipio nesta época. Nós estamos máis enfocados a darlle pulo ao comercio durante os meses máis baixos.

## Seguen sendo os mesmos principios e obxectivos que fai 35 anos?

Si, o primordial é a de impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio, e que sexa atractivo para os posibles compradores.

## Como era ao principio?

Na primeira etapa fíxose moita forza na promoción turística de Foz tanto na zona do Bierzo como en Asturias e había tamén moita presenza nas feiras de mostras. Tamén se editaron guías turísticas e libros onde se amosaba toda a oferta local como o patrimonio cultural e turístico.

## Pero os tempos avanzaron e vostedes con eles.

Por suposto. Os tempos van evolucionando e onde antes había que ir aos sitios a informarse sobre produtos e ofertas, hoxe é tan sinxelo

como facer un click desde o móbil ou o ordenador e ese traballo axilizou moito a maneira de mercar. Pero hai que dicir que a parte presencial segue a ser fundamental e moi importante, e non se pode perder.

## Entón teñen presenza nas redes e internet?

Si, contamos coa web e redes sociais pois son reclamos ou mostras dos espazos das tendas e locais comerciais focegos e dos seus produtos. Ademais dende ACIA Foz CCA ofrecemos a tarxeta de fidelización do comercio que serve para acumular puntos e descontos nas futuras compras. Hai que adaptarse aos tempos que corren, e nos tentamos promocionar os produtos de cada un dos nosos membros da mellor maneira posible.

## Que campañas hai de cara ao verán?

Teremos o noso tradicional Comercio na Rúa que será os días 20, 21 e 22 de xullo. E polo momento non temos formalizadas máis. O que fa-



cemos durante todo o ano é crear un círculo comercial que repercuta constantemente no pobo. Tamén, o 13 de xullo, contaremos coa de Mercar no teu comercio ten premio, na que se repartirán 1.000 euros en tarxetas prepago de 50 e de 300 euros para seguir mercando no comercio da vila. Todos os clientes que realicen compras entre o 6 e o 13 de xullo, poden participar no sorteo en directo que será o 13 ás 19.00 horas.

## Esta época é moi boa para o comercio focego?

Claro. Durante o verán o turismo móvese moito polo que temos visitantes na vila todos os días. Xa non so polas nosas propias festas, senón polo turismo que move toda a comarca. Os eventos sempre teñen tirón comercial e moitas veces úsa-

se a vila de base e logo móvense a visitar outro municipio e viceversa.

## Foz e toda a Mariña xa son un punto de referencia no turismo estatal nesta época.

Si, porque a xente non só busca o sol, senón que ademais do clima haxa boa gastronomía, eventos, cultura, etc. A xente adoita afastarse dos 40º grados do Mediterráneo e aquí atopa bo tempo e boa comida. Na Mariña temos moitas cousas que merecen a pena e que veña xente e merque, beneficiamos a todos.

## Ten vantaxes mercar nesta vila mariñeira?

Por suposto que si. Como dicía antes contamos coa tarxeta de fidelización e informamos das ofertas e produtos nas tendas.

www.compraenFOZ.com

Cumprimos 35 anos

*Facendo Pobo*

*Compra na túa vila*

1988 / 2023

35

CCAFOZ

centro comercial aberto CCAFOZ

XUNTA DE GALICIA

Concello de Foz



## O Concello prepara cursos de natación para nenos e actividades de adultos

O Concello de Viveiro informa dos cursos deportivos para o próximo verán. Para os adultos ofértase unha ampla variedade de actividades, mentres que a rapazada poderá gozar de cursos de natación.

Dunha banda, os nenos/as nados entre os anos 2009 e 2018 poderán inscribirse nun curso intensivo de iniciación á natación.

Os grupos serán de luns a venres: ás 10.30 horas para nenos e nenas nados entre 2009 e 2015, e ás 11.30 horas os anos 2016, 2017 e 2018. Os cursos serán do 10 ao 28 de xullo ou do 31 de xullo ao 18 de agosto.

Doutra banda, haberá unha oferta variada de actividades para adultos durante xullo. Concretamente, ofértanse actividades de aquagym, intervalos, TRX, ciclo indoor e natación (niveis iniciación, medio e avanzado). Cada actividade ten o seu propio horario, con dous días á semana.

As persoas interesadas deberán reservar a súa praza na recepción da piscina municipal no teléfono 982 570 610.

## Viveiro busca voluntarios para diferentes proxectos

Dende a Oficina Municipal de Voluntariado do Centro de Servizos Sociais do Concello de Viveiro están a buscar voluntarios para varios proxectos.

Trátase de iniciativas de apoio educativo, ocio e tempo libre, de acompañamento social e de reparto de alimentos perecederos, dirixidos todos eles a colectivos desfavorecidos.

O primeiro destes tres proxectos consiste en dar apoio educativo e actividades de ocio e tempo libre durante os meses de verán a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos. Búscase en particular a persoas voluntarias con formación na área educativa ou social.

No segundo proxecto solicítanse voluntarios para realizar paseos ou dar acompañamento para citas médicas en hospitais e centros de saúde. O terceiro proxecto consiste na recepción e distribución de alimentos entre as familias máis vulnerables.

As persoas interesadas en colaborar con estas iniciativas sociais poden chamar ao Centro de Servizos Sociais de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00, nos teléfonos 982 550 421 e 604 046 956.

## O festival Ether será no xardín do Pazo da Misericordia o 28 e 29



A sexta edición do festival de música electrónica Ether- An Electronic Odyssey realízase no Xardín do Pazo da Misericordia en Viveiro o 28 e 29 de xullo. A localización do festival é unha das principais novidades para esta edición.

Este ano o festival aposta por un cartel máis completo a respecto da edición anterior mantendo a mesma filosofía de traer a Viveiro artistas emerxentes de escea electrónica europea. A entrada seguirá sendo gratuíta para que todo o mundo poda desfrutar do evento.

Así, os artistas confirmados polo momento son Annē, Varya Karpova, Hertz Collision, Isma B, Karras

Martinez, Leo Meizoso, Llonas, Amiga, Cessabit, Edmuk JP e Gonzalo Smaniotto.

A oferta cultural ofrecida polo Ether 2023 divídese en dúas partes: os Etherkids e o festival de música. Por un lado, os Etherkids serán realizados o venres 28 de xullo. Nestas actividades de lecer para os meniños, o comportamento creativo é promovido a través de novos contextos tendo a música electrónica como protagonista. Por outro lado, o festival de música comezará o sábado 29 de xullo coa presenza de artistas nacionais e internacionais de Techno, House e Electro principalmente.

## Vanse investir preto de 165.000 euros para renovar varios viais de Granxas, en Covas



O Concello de Viveiro informa da execución, a través do Plan Único 2023 da Deputación de Lugo, dunhas obras para renovar varios viais de Granxas, na parroquia de Covas.

En concreto, vaise actuar sobre catro viais de titularidade municipal en Granxas, próximos á praia de Covas, para realizar labores de mellora da pavimentación na zona destinada ao tráfico rodado. Tamén se procederá á reposición

dos servizos urbanos de rede de saneamento, coa implementación de pluviais e a dotación dunha nova rede de abastecemento de auga. O orzamento ascende a 164.392,96 euros.

A tramitación xa se atopa en proceso de licitación, o prazo para a presentación de ofertas finalizou o 15 de xuño e está pendente a convocatoria da mesa de contratación para a apertura de ofertas.

## Celeiro acollerá as súas festas patronais do 22 ao 26 de xullo

A parroquia viveirense de Celeiro acollerá a celebración das súas festas patronais en honra á Virxe do Carmen, Santiago Apóstolo e Santa Ana e que terán lugar do 22 ao 26 de xullo.

O sábado 22 de xullo terá lugar a primeira sesión vermú e a gran verbena a cargo da orquestra La Dimensión e a disco móbil Conxuro. Xa o domingo 23 será a quenda de Tekila e Kalima 3.0, o luns 24 La Favorita e o grupo Fusión animarán a gran festa da cervexa e a empanada.

O martes 25 de xullo a sesión vermú estará animada por Magma e o grupo Fénix e por último o mércores 26 o grupo Fénix porá punto e final a unha festas por todo o alto. Este último día terán xogos para os máis pequenos.

**FESTAS DO CARMEN.** O barrio da Pescadería de Viveiro acolle os vindeiros 15 e 16 de xullo as tradicionais festas do Carmen



2023.

Nesta ocasión as festas comezarán o sábado 15 coa sesión vermú a cargo de Elixir que tamén animará a verbena co grupo Mussically.

Xa o domingo 16 procederase á celebración da misa en honra á Virxe do Carmen, seguida de procesión e sesión vermú co dúo Epo-K. Xa pola tarde será a festa infantil con Diverneno e a verbena con Epo-K.

## O concello, galardoado como un dos máis colaboradores coas doazóns de ADOS



A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, ADOS, recoñeceu ao Concello de Viveiro como un dos concellos máis destacados na súa colaboración coa institución, nunha gala celebrada na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela por mor do Día Mundial do Doante de Sangue.

O encargado de recibir a distinción en nome do Concello de Viveiro foi Jesús Fernández Fernández, primeiro tenente de alcalde e concelleiro en funcións encargado das áreas de Economía e Facenda, Mar,

Participación Cidadá, Desenvolvemento Local e Conservatorio Profesional de Música.

Na gala, a ADOS recoñeceu o labor de colaboración coa doazón de sangue e órganos de diversas entidades públicas e privadas, dende concellos e centros de ensino ata empresas e influencers. O Concello de Viveiro, entre outros, foi distinguido como "un dos máis destacados na colaboración coa Axencia de Doazón de Órganos e Sangue" ao longo dos seus 30 anos de historia.



# A Festa de Merluza de Celeiro contará cunha gran carpa

A Festa da Merluza de Celeiro, declarada de Interese Turístico Autonómico, celebrarase de novo o próximo 15 de xullo fronte á piscina municipal de Celeiro nunha carpa financiada polo Concello.

A festa, que supón un dos eventos gastronómicos máis importantes da comarca poñendo en valor un dos produtos da gastronomía galega de máis prestixio e máis apreciado a nivel internacional, estivo en serio risco de non poder celebrarse o pasado ano polas obras que se estaban levando a cabo na lonxa.

Finalmente, o evento saíu adiante grazas á decisión adoptada dende o Concello Viveiro de asumir os gastos da colocación dunha carpa de grandes dimensións nas inmediacións da piscina municipal.

Sen embargo, aínda que a finalización das obras na lonxa semellaban xa ter solucionado o problema para a presente edición, a exigencia por parte de Portos de Galicia de cobrar unas taxas desmesuradas aos membros da Asociación Cultural e Deportiva Penalba para poder albergar a festa neste recinto, volveu ameazar a que sería a súa 24.ª celebración.

“Lamentamos profundamente a



decisión adoptada por Portos. A Festa da Merluza é unha das celebracións gastronómicas máis senlleiras de Galicia, un produto estrela non só para a gastronomía galega, senón clave tamén na economía do país e non comprendemos que se subestime deste xeito”, subliña a alcaldesa María Loureiro.

“Estamos na obriga, unha vez máis, de facer todo o posible para que se leve a cabo xa que é unha das citas máis importantes do ano en Viveiro, unha xornada que axuda á dinamización da nosa economía local e do sector servizos, así que volveremos a asumir o coste da carpa para que se poida manter a súa celebración tamén este ano”, enga-

de a rexedora.

A Festa da Merluza, que no 2022 gañou o premio á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia de Lugo, está organizada pola Asociación Cultural e Deportiva Penalba coa colaboración do Concello de Viveiro, da Cofradía de Pescadores de Celeiro, que dona a merluza precisa para as diferentes elaboracións, xunto ao grupo empresarial Puerto de Celeiro, ademais do apoio da Deputación de Lugo.

Tamén é imprescindible a axuda dos veciños e veciñas de Celeiro, que cada ano participan activamente no cociñado das diferentes receitas para a exaltación deste produto.

# Visitas guiadas e percorridos son algunhas das actividades de verán

O Concello de Viveiro organiza ao longo do verán, dende o luns 26 de xuño ao 17 de setembro, distintas visitas guiadas, percorridos panorámicos e rutas pola natureza que buscan poñer en valor os principais lugares de interese que se atopan na vila. Estas actividades serán diarias e de balde.

O programa deseñado conta con itinerarios que se repiten cada semana, ademais doutros que van rotando ao longo de cada quincena. Un dos obxectivos que se persegue é contar coa variedade suficiente para amosar os moitos espazos de interese, á vez que se consegue un equilibrio na frecuencia dos itinerarios que transitan polos lugares máis emblemáticos de Viveiro. Con esta iniciativa, preténdese dar a coñecer a nosa paisaxe e a nosa historia a quenes se acercan por primeira vez á localidade, pero tamén brindar a oportuni-



dade de redescubri-la ás persoas que viven aquí todo o ano. As actividades do programa terán carácter gratuito, aínda que é precisa reserva previa no correo electrónico viveirovisitas@gmail.com xa que o aforo é limitado. O comezo das actividades terá lugar todos os días ás 11.00 horas na estación de autobuses de

Viveiro, salvo os domingos, que dependendo do itinerario, comezará á mesma hora, pero no aparcadoiro do acceso ao Souto da Retorta en Chavín, ou ao presente no acceso á área etnográfica da Insua.

Os luns, Vivertren de Covas a Celeiro; os martes será a visita polo casco histórico, Templos e o antigo recinto amurallado. Os mércores a Ruta dos Muíños de Balea e o paseo fluvial do río Landro. Os xoves a visita polo casco histórico, Barrios gremiais. Os venres a Ruta a San Roque e a Ruta a Penedo do Galo.

Os sábados haberá visita polo casco histórico, Séculos XIX e XX. E os domingos será a quenda do Souto da Retorta e o Cargadoiro da Insua.

Os percorridos dos mércores, venres e domingo alternaranse cada semana entre os indicados no propio día na relación anterior.

# Volve en xullo a Feira Renacentista de Viveiro

O Concello presentará nos próximos días a programación da Feira Renacentista, que terá lugar do 6 ao 9 de xullo de 2023. Trátase dunha programación que ten como obxectivo ambientar a vila con actividades culturais e musicais.

“A feira lucirá de novo con todo o seu esplendor e coa súa programación habitual, con actividades como o desembarco e as comidas na rúa”, explican dende o Concello.

“O Mercado Renacentista supón, tras o Resurrection Fest, un importante impulso para a economía de Viveiro. Esta edición mostrará de novo unha cita consolidada, como un referente de ocio e turismo”, recalca a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

Esta nova edición do mercado contará cun amplo programa de



actividades e espectáculos con opcións para distintas idades, alén dos tradicionais postos do mercado. A cita estará marcada polo desembarco de Carlos V, que se celebrará o venres 7 ás 20.00 horas na praia de Covas, e que supón un dos puntos diferenciadores desta festa de recreación histórica.

# Clausurada a tempada do Club de Lectura en Feminino

O Concello de Viveiro clausurou a tempada do Club de Lectura en Feminino, unha iniciativa posta en marcha polo Concello, a través da Concellería de Cultura e Muller e co apoio do Centro de Información á Muller (CIM).

O obxectivo deste proxecto é o fomento da cultura e da literatura cunha visión de igualdade de xénero. Ademais, búscase dar visibilidade ás escritoras femininas. A idea deste club de lectura feminista é poñer o feminismo e os libros en mans de lectoras que,

coa mesma ilusión pola lectura, queren entregarse a descubrir voces, reflexionar e cuestionarse. É ademais unha actividade financiada cos fondos do Pacto de Estado contra a violencia.

Nesta tempada participaron tamén autoras como Vanessa Santiago, María Solar, María Rosa Lojo e Estíbaliz Espinosa. O Concello ten a proposta da participación da editorial Contraluz para vindeiras quedadas, ademais doutras autoras de gran relevancia.

**mybike Lugo**

**OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA**

**CONSULTANOS SIN COMPROMISO**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.mybike.es](http://www.mybike.es)



## Burela de Ruta Verán 23 é a oferta turística do Concello



Burela de Ruta Verán 23 é a oferta turística do Concello para este verán e trátase dun conxunto de visitas guiadas coas que se pretende dar a coñecer e poñer en valor o extenso patrimonio mariñeiro, xeolóxico, artístico-cultural, fomentando así un turismo de calidade.

O concelleiro de Turismo, Ramiro Fernández, explicou que “seguiamos apostando polas xeorutas, o Barco Museo mariñeiro, que sempre está aí dispoñible para ser visitado, as visitas guiadas á igrexa de Vila do Medio. Aparte de disfrutar da nosa gastronomía, do noso comercio e das nosas praias, a xente que veña a Burela vai ter onde poder elixir para pasar eses ratos de lecer xunto coa súa familia”.

As visitas ao Barco Museo Reina

del Carmen están programadas de martes a domingo ás 11, ás 12, ás 13, ás 17, ás 18 e ás 19 horas. A Ruta do Peixe desenvolverase ata o 31 de agosto os luns ás 18.30 horas, de martes a xoves ás 19.30 horas e os venres ás 19 horas. As visitas á Moncloa serán de luns a venres ás 16 horas e os sábados e domingos ás 10 da mañá. E as visitas á conserveira Faro de Burela terán lugar de martes a venres ás 16, ás 17, ás 18 e ás 19 horas.

A oferta complétase coa visita da man de Iria Pita, a técnico de turismo municipal, á igrexa da Vila do Medio e ás súas importantes pinturas murais do século XV, entrelazándose a historia da igrexa coa propia historia de Burela. Estas visitas serán os xoves de xullo e agosto ás 10.30 horas.

## Xa se poden consultar os libriños antigos das festas

O Concello de Burela procedeu á dixitalización dos libriños antigos das festas, que poderán ser consultados na web municipal segundo deu a coñecer o concelleiro de Cultura, José Díaz.

Dende o Goberno local contaron que “xa está dispoñible na web do Concello [www.burela.org](http://www.burela.org) un acceso aos libriños antigos das festas patronais dixitalizados. Isto prodúcese despois da exposición que fixemos aquí entre os días 1 e 12 de xuño. Decidimos dixitalizar eses libros e colgalos na web do Concello para que calquera os poida follear”.

Díaz explicou que “están desde 1947 ata 1984, son 11 en total. Non son todos os que poderían

ser, pero que animo a calquera veciño que teña libros de datas distintas aos que xa temos a que os poidan achegar aquí ao Concello e que se proceda a dixitalizalos e a engadilos a ese arquivo. Oxalá se poidan conseguir todos, porque ao final isto creo que foi unha moi boa iniciativa, que ademais é moi probable que outros Concellos tamén o fagan, cousa que me parece xenial, porque non deixa de ser unha fonte histórica diferente para ter coñecemento e información sobre os concellos”.

O concelleiro de Cultura engadiu: “quero animar a todo o mundo a que comparta con todo o pobo eses pequenos tesouros que teñen en casa gardados”.

## O Festival Osa do Mar confirmou o cartel da súa nova edición

O Festival Osa do Mar de Burela confirmou xa o cartel de artistas que estarán na súa nova edición que se celebrará os días 1 e 2 de setembro. Xa fai unhas semanas fixeron as primeiras confirmacións nas que estarán Bala & Lúa Mosquetera, Caamaño & Ameixeiras, Carlangas, Fillas de Cassandra, La Paloma, Sexy Zebras e Shego.

Así, a este cartel sumáronse Ángel Stanich, Batuko Tabanka, Catuxa Salom, Eme DJ, Grande Osso, \_Juno, Medio Quinhón, Óscar Fédez & Leo Salinas e Xoel López.

A organización, Fanto Fantini, informou de que os abonos para os dous días do festival aínda están dispoñibles, e de que se poden adquirir na súa web.

“Sen o apoio das institucións non seríamos capaces de sacar adiante



o Osa do Mar”, dixeron, “as axudas que tivemos desde o primeiro ano do Concello de Burela e da Vicepresidencia da Deputación de Lugo este ano, incorpórase a unha colaboración moi importante para nós Xunta

de Galicia e o Camino Xacobeo”. Tamén aclararon que o Festival Osa do Mar de Burela “é un festival sen ánimo de lucro e organizado 100% e desde o inicio pola Asociación Cultural Fanto Fantini”.

## Alumnos do IES Monte Castelo resultaron gañadores do certame Clases sen fume



Alumnos e alumnas de 1º da ESO do Instituto de Educación Secundaria Monte Castelo de Burela resultaron gañadores do certame Clases sen fume, no apartado de Mellor actividade Creativa, coa proposta Déixate axudar. Así, recolleron o premio nun acto celebrado en Santiago de Compostela, presidido polo concelleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e ao que asistiron os finalistas de toda Galicia.

O premio consiste en desfrutar

dun programa multiaventuras de cinco días no complexo xuvenil de Gandarío, que compartirán cos outros dous centros gañadores: o IES Valle Inclán de Pontevedra e, na categoría de Mellor Slogan, o Colexio Galaxia de Ribeira.

Clases sen fume é un concurso educativo para a prevención do tabaquismo, dirixido a escolares de primeiro ciclo de ESO, é dicir de 12 a 14 anos, idade na que se dan os primeiros contactos co tabaco. Está impulsado pola Consellería de Sanidade no marco do Plan Proxecta, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Este ano participaron no certame mais de 1.800 escolares de 40 centros educativos de toda Galicia.

### EN BREVE

**TEATRO.** A xira de Cubo, o espectáculo teatral da compañía Elefante Elegante que este verán estará na programación do FalaRedes, aterrará en Burela o vindeiro 2 de setembro. Cubo é un espectáculo teatral de fantasía, humor e poesía dirixido a público infantil e familiar que evoca a amizade, as separacións, a necesidade de coñecemento e a aventura de medrar desde a igualdade, rompendo os arquetipos de xénero.

**QUEDADA.** A Asociación Autoclásicos A Mariña Lucense informou que está a preparar a III Quedada de vehículos Feira do Bonito de Burela que será o 5 de agosto de 2023. Esta nova edición contará co apoio do Concello de Burela e da Sociedade Cultural Leticia de Burela, empresas e institucións que habitualmente colaboran para levar adiante a Feira do Bonito. Esta cita terá unha degustación de bonito do norte á grella, cocido, empanada e en tapa de salpicón. E para participar será necesario anotarse chamando aos teléfonos 650 046 889 ou 675 945 124. O prezo da inscrición é de 15 euros por persoa.

**PRODUART.** O 4, 5 e 6 de agosto celébrase unha nova edición de Produart en Burela. Unha feira que ten como obxectivo achegar o artesanal e sostible aos consumidores. Trátase de dar visibilidade a produtores e comerciantes da nosa comarca e puntos colindantes cos seus produtos de calidade, innovadores e ecolóxicos.



**CURSO 2023/2024**

Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso

**Cambridge** English Qualifications

**Anglia**

Reserva ahora!

**982 103 377**

**605 738 247**

[www.docklandsacademy.es/matricula](http://www.docklandsacademy.es/matricula)





# “É unha responsabilidade moi grande e unha honra”

A socialista Carmela López é a nova rexedora de Burela

**Finalmente non houbo sorpresas no acto de investidura. Como sinte ser alcaldesa?**

Pois o que sinto estas semanas é moita emoción é que non se me borra o sorriso da cara porque a nivel persoal e laboral creo que non hai nada máis grande que ser alcaldesa do meu pobo. É unha honra, unha responsabilidade e un agradecemento tan grande, que o que quero é dalo todo e non defraudar.

**No seu discurso dixou: Vou dalo todo por Burela. Que significa para vostede?**

Significa que quero mellorar e axudar en todo o que poida ao pobo. Que vou a estar ao 100 % en todas as tarefas, que vou traballar duro, que non nos chegarán as horas do día para adicarllas a esta vila e que chamaremos a todas as administracións cantas veces sexa necesario para que apoiem a Burela.

**Xa formaba parte do anterior equipo de goberno. Así que xa conta con algo de experiencia, non?**

Si, eu creo que foi fundamental. Estar no anterior equipo de Go-

verno aínda que sexa noutro posto permitíame coñecer moitísimo o funcionamento da administración local, como é por dentro e que camiños existen para levar a cabo proxectos.

**Como exedil de Servizos Sociais, terá agarimo por esta concellería. Ten algún proxecto para estes servizos?**

A verdade é que si, e por iso e por destacar un, temos enriba da mesa o de conseguir unha residencia para persoas con diversidade funcional e que debemos levar a cabo e culminalo. No relativo ás actividades hai que desenvolver programas de prevención son moi importantes no ámbito socio sanitario.

**Cales son algúns dos obxectivos para Burela?**

Chegamos cargados de proxectos bos para mellorar a vida dos veciños e veciñas, para abrir novos espazos cos que compartir a vida diaria do pobo, para dinamizar os sectores produtivos que se merecen os nosos traballadores, empresarios e autónomos. Temos que

mellorar a vida de Burela e non vai quedar esforzo por facer para conseguilo. Apostamos por unha Burela máis inclusiva, máis sostible e mellor conectada para conseguir maior dinamismo e maior promoción a todos os niveis.

**Continuará cos proxectos herdados de Llano?**

Hai expedientes abertos que herdamos e que por suposto hai que consumir, pero, é certo que o noso proxecto ou a nosa folla de ruta é algo novo e que nace dun equipo renovado.

**Este ano será a súa primeira Feira do Bonito como alcaldesa. Que espera da celebración?**

Recoñezo que me fai especial ilusión esta festa como burelesa, e de feito, na miña vida nunca me perdín unha porque a teño marcada no meu calendario ano tras a ano. Espero estar á altura como alcaldesa e poderlles proporcionar da mellor maneira os medios para este evento, pois hai que apostar moito por ela xa que é a feira que nos define pois non hai outra Feira



do Bonito e iso é un valor que hai que recoñecer. Temos que estar moi orgullosos dela.

**O seu programa era un mapa do concello. Pode contarnos un pouco que fará?**

Pois principalmente quero unha vila máis amable e con espazos para vivir máis na rúa. Isto pasa por reformular todo un pouco, é dicir, actuacións en prazas, nos parques, crear novos espazos de xogo e de lecer, e tamén facer actuacións moi necesarias como é a da grada da Marosa ou a canceira municipal, que son infraestruturas moi importantes para a nosa vila. Burela ten por diante para estes anos dúas grandes tarefas. Dunha parte, facela máis accesible, máis vivible, e cunha mellora dos seus equipamentos e infraestruturas. E doutra parte, relanzar a proxección de

Burela para atraer o mellor para a vila. Este é un municipio cun enorme potencial de crecemento e de visibilidade. Temos que ir en busca das oportunidades para o municipio, non esperar que nos veñan soas. Non hai tempo que perder nin oportunidade que desaproveitar. Con esa consciencia e con esa responsabilidade chego á Alcaldía.

**Cre que a oposición será colaboradora?**

O día da investidura xa lles transmitín que máis alá das lóxicas e lexítimas discrepancias ofrézollas e pídlles que nos entendamos no importante, no que nos une para mellorar Burela. Eles representan a unha parte importante dos veciños e teñen o meu respecto e tamén a miña disposición para conseguilo en beneficio de Burela, que é a prioridade.

## A XXXVII Feira do Bonito xa ten cartel anunciador

A Sociedade Cultural Leticia de Burela vén de resolver o concurso de carteis convocado co gallo da XXXVII Feira do Bonito que se celebrará o 5 e 6 de agosto. Esta nova edición, contará co apoio do Concello de Burela, empresas e institucións que habitualmente colaboran para levar adiante a Feira do Bonito. A gañadora foi Shiva Eliska Alinda Nurhakim e o seu deseño servirá para o programa de man. Dende a asociación agradecen a participación de todos.



## As actividades de verán serán do 10 de xullo ao 31 de agosto

As actividades de verán organizadas polo Concello de Burela terán lugar do 10 de xullo ao 31 de agosto, segundo deu a coñecer esta mañá o concelleiro de Deportes, Carlos Méndez. Están destinadas a nenas e nenos nados entre os anos 2010 e 2016. O edil burelés explicou que “as actividades de verán realizáranse dende o 10 de xullo ata o 31 de agosto. Haberá xogos na praia os luns, rutas en bici os martes, happy dance os mércores, que será impartido por Be-

linda (Ximnasio Hawk) e rutas de sendeirismo os xoves. O prezo da actividade será de 8 euros ao mes por actividade e para anotarse hai de prazo dende o vindeiro luns, 3 de xullo, e ata o mércores, 5 de xullo, na Casa da Xuventude dende as 08.00 da mañá”.

Carlos Méndez engadiu que “a adxudicación de prazas farase por rigorosa orde de inscrición. Poderán participar na actividade todos os nenos e as nenas nados entre os anos 2016-2010”.

## A ANPA do CEIP Vista Alegre fixo un documental

A ANPA do CEIP Plurilingüe Vista Alegre, proxectou un documental de impulso da igualdade co seu obxectivo de sensibilizar conta a violencia de xénero e os estereotipos desde idades temperás.

Así, puxeron en valor o traballo da comunidade educativa de Burela e o seu empeño para facer visible, a través da técnica audiovisual, que ningún espazo ten xénero; poñendo como exemplo referentes cercanas que recorreron á conciliación da vida laboral e persoal para acadar seus obxectivos.



¿Tú también tienes el carné de ministro? ¡Si es que hoy en día lo puede tener cualquiera!

Recibirás una copia por mail para que lo lleves siempre contigo. Sino, podrás solicitarlo y disfrutar de 5 céntos/l. de descuento en carburante cuando vengas a darte un capricho.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegal Oil



## Renovados os xogos para persoas maiores do parque biosaudable de Ribadeo



O parque biosaudable de Ribadeo conta con novos xogos para as persoas maiores. Dende o Concello explicaron que “este parque precisaba dunha mellora importante. Procederáse estes días a colocar o caucho no chan, mentres que xa foron instalados os novos xogos, que veñen substituír aos antigos que estaban moi deteriorados polo seu uso e polo paso do tempo”. Os encargados subliñaron que “esta mellora é posible grazas ao convenio de cooperación

que asinaron o Concello e a Área de Deportes da Deputación, para colaborar no acondicionamento e mellora do parque de xogos biosaudable de Ribadeo, que está situado a carón do aparcamento municipal”.

E engadiu que “a achega da Deputación foi de máis de 17.700 euros. Queremos agradecer o apoio da institución provincial aos proxectos que ao longo destes anos lle fomos propoñendo desde o Concello de Ribadeo”.

## Rematou o acondicionamento e aglomerado na rúa Casa do Pobo

Remataron as obras de acondicionamento da rúa Casa do Pobo, que supuxeron un investimento de máis de 100.000 euros. O alcalde, Dani Vega, subliñou que “seguiremos investindo na nosa rede de infraestruturas de todo o concello”.

O rexedor considera que “se fixeron ben as cousas, que houbo unha coordinación perfecta e unha inversión de máis de

100.000 euros. Desbrozouse e limpouse todo o terreo, eliminouse o aglomerado vello, construíronse novos muros de contención de formigón, procedeuse á demolición de todas as soleiras que daban entrada a vivendas e garaxes, dotouse a rúa de nova tubaxe para a auga, colocouse un novo colector do saneamento e tamén nova iluminación led”. Vega aposta por seguir investindo

en toda a rede de infraestruturas de Ribadeo: “mellorouse toda a zona e creo que os veciños e as veciñas están contentos co resultado. Penso que esta inversión é importante e nesta liña imos seguir, mellorando as contornas dos barrios, mellorando todas as nosas rúas e tamén seguiremos investindo na nosa rede de infraestruturas de todo o Concello”.

## O Vendaval Fest será o 22 de xullo

O concello de Ribadeo acolle o vindeiro 22 de xullo o Vendaval Fest, un pequeno festival ao aire libre que contará con entrada e acampada gratis.

Esta cita musical contará cos concertos de Herdeiros da Crus, Gansos Rosas (Grupo tributo a Guns N' Roses), La Tarrancha,



Beetle Judge, Ritmo Vudú e La Duendeneta.

Haberá sesión vermú desde as 12.30 horas con exposición artística no Cantón e seguindo ás 14.00 horas na zona vella amenizando as rúas atoparase La Duendeneta. Tamén contarán con zona gastronómica a cargo de foodtrucks.

### EN BREVE

**FAXARDA.** A ANPA A Faxarda segue a traballar ao aveiro do Plan Corresponsable, e desta volta arrancan co campamento conciliador para o mes de agosto. Así, xa está aberto o prazo de inscrición que remata o 8 de xuño. Para máis info non dubides en contactar con nós: [anpa.faxarda.cgs@hotmail.com](mailto:anpa.faxarda.cgs@hotmail.com)

**PASO PEÓNS.** O Concello mellorou a seguridade no paso de peóns da avenida Rafael Fernández Cardoso. A ex concelleira de Obras, Mónica Freire, dixo que “instalamos dúas sinais luminosas de pasos de peóns led solares, co obxectivo de mellorar a seguridade nesa zona da nosa vila, que conta con moita poboación e cun nivel de tráfico importante”.

**CURSO.** O Centro Integrado de Formación Profesional Porta da Auga, de Ribadeo, impartirá un curso de especialización, tamén denominado máster de FP, sobre vehículos híbridos e eléctricos. É o único centro da Mariña que ofrecerá esta formación no vindeiro curso 2023-2024.

O prazo de admisión para oferta formativa do curso 2023-2024 estará aberto desde as 9.00 horas do vindeiro venres, 23 de xuño, ata as 13.00 do 5 de xullo.

## Catro alumnos do CIFP Porta da Auga compaxinan os seus estudos con éxitos deportivos



Catro alumnos do Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Porta da Auga compaxinan os seus estudos no centro con éxitos deportivos, tres deles en remo no Club de Mar de Castropol (Yago García Méndez, Pablo González Rodríguez e Valeria Álvarez Fojo) e un en tiro con arco, Sergio López Delantero, no club Iadovi, de San Cibrao.

Yago García estuda o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. Entre os numerosos éxitos que conseguiu no remo destaca que no ano 2020 quedou subcampión de España en dobre skull. Valeria Álvarez cursa o Ciclo Medio de Xestión Administrativa. O seu maior logro no remo ata agora foi un 4º posto

no Open Primavera celebrado en marzo deste ano en Banyoles (Cataluña) e na pasada Semana Santa estivo concentrada coa selección española xuvenil en Sevilla.

Pablo González ten 17 anos e estuda o Ciclo Básico de Mantemento de Vehículos. Como remeiro conseguiu un subcampionato de Asturias e anteriormente practicou fútbol, na SD Ribadeo.

E Sergio López cursa o ciclo de Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación para adultos. Na práctica do tiro con arco o seu maior éxito foi un subcampionato de Galicia na modalidade de aire libre, e en xaneiro deste ano logrou o primeiro posto no trofeo Torre de Hércules, na Coruña.

## Volve o Mercado dos Domingos na contorna da praza de Abastos

Ata o 15 de outubro terá lugar unha nova edición do Mercado dos Domingos nas inmediacións da Praza de Abastos de Ribadeo. Será en horario de 9 a 14 horas. O alcalde, Dani Vega, manifestou que “o inicio do verán en Ribadeo é sinónimo de sostibilidade, alimentación de proximidade e consumo local. Así, volve o Mercado dos Domingos, que organizamos desde o Concello en colaboración coa asociación de produtores da horta A Sucadoira”.

O rexedor indicou que “o que pretendemos é pór en valor a economía de proximidade, potenciando o consumo de temporada e saudable, coidando do medio, beneficiando a nosa economía local e dinamizando a vila”.

No Mercado dos Domingos participarán 15 produtores e produtoras da zona, que porán á venda froitas, hortalizas, queixos, pan, doces, setas, cervexas e outro tipo de produtos como coitelos.

## O Concello conta cunha nova rozadoira de brazo articulado

O Concello de Ribadeo conta con nova maquinaria para mellorar os servizos públicos no rural. Trátase dunha rozadoira de brazo articulado traseiro para dispor sobre tractor.

Dende o Concello explicaron que “nun concello, coma o noso, que ten unha extensión de 100 quilómetros cadrados e que conta con amplas zonas verdes e centos de quilómetros de vieiros mu-

nicipais, precisa da maquinaria axeitada para poder manter nas mellores condicións posibles as estradas, as cunetas ou as áreas recreativas”.

Contaron que “esta rozadoira únese ao parque de maquinaria co que conta o Concello de Ribadeo, grazas ao convenio asinado coa Área de Medio Rural da Deputación”. O investimento ascendeu a 39.000 euros



# “Afronto este reto con ilusión e tendo clara a responsabilidade”

Daniel Vega é o novo rexedor de Ribadeo tras acadar a maioría absoluta

**Ser alcalde é unha responsabilidade. Como afronta este reto?**

Afronto este reto con moitísima ilusión, con moitas ganas de traballar por Ribadeo tendo clara a responsabilidade que supón e, sobre todo, moi agradecido pola confianza que depositaron os ribadenses en nós. Esa confianza non é un papel en branco; senón que esixe cumprir co prometido e estou seguro de que o faremos así. Xa o fixemos ao longo do anterior mandato desde a oposición e seguiremolo facendo agora que estamos no goberno.

**Como describiría Ribadeo e as súas xentes?**

Ribadeo é un pobo maravilloso e acolledor pola forma de ser das súas xentes: persoas abertas, traballadoras, loitadoras e moi implicadas co noso pobo. Ribadeo ten moita riqueza natural tanto no interior coma na costa e un destacado patrimonio cultural e arquitectónico. Non podería vivir noutro sitio que non fose Ribadeo.

**Para os populares era importante**

**conseguir a Alcaldía ribadense?**

Para o noso equipo mellorar o que se estaba a facer no goberno de Ribadeo era moi importante. Estes catro anos estivemos traballando para revertir a parálise na que se atopaba Ribadeo en canto a investimentos. Facer isto desde a oposición é moi difícil, mais o pobo percibiu que isto era positivo e decidiu confiar en nós para gobernar os próximos catro anos.

**En varias ocasións citou que as persoas que o acompañarán son 100 % ribadenses. Que significa para o seu goberno?**

Na nosa lista todas as persoas están censadas en Ribadeo e viven en Ribadeo: hai un compromiso claro co pobo. Para nós o único xeito de querer a Ribadeo é vivilo.

**Xa ten planificado o goberno? Referíndonos aos cargos.**

Si, un goberno que ten claro os obxectivos: traballo, xestión e dedicación ao noso pobo. Será un goberno ben estruturado co obxectivo de ser eficaz. Os distintos concelleiros do equipo asu-

mirán responsabilidades en áreas coas que teñan vinculación.

**Cre que a oposición llo poñerá fácil?**

Non o sei. O que espero é que traballen e sexan leais co pobo de Ribadeo.

**Herda temas importantes como o plan das Catedrais, a concesión da auga, a rehabilitación do Hospital Asilo ou o centro de saúde. Que nos pode dicir sobre estes temas?**

Practicamente todos estes proxectos son propostas nosas: o novo centro de saúde foi unha xestión do noso grupo municipal que conta cun investimento de 3,8M€ e é clave para incrementar os servizos sanitarios en Ribadeo. A reforma do Hospital Asilo tamén fomos nós quen a reivindicamos, preocupámonos por recolocar durante as obras ás persoas que alí viven e traballamos para achegar investimento para realizar esa obra. O Plan das Catedrais e a concesión da auga son dous asuntos nos que levamos 20 anos de parálise.



Comprometémonos a traballar en serio para facer realidade estes proxectos.

**Pode debullarnos os seus proxectos inmediatos?**

Imos poñer en marcha un novo plan municipal de residuos. Actuaremos de urxencia na limpeza de rúas e contedores, xardíns e áreas recreativas e praias. Tamén actuaremos de emerxencia desbrozando as pistas das parroquias. Actuaremos na reforma do Hospital Asilo e aportaremos os terreos para construír o novo centro de saúde.

**E a longo prazo?**

Traballaremos en dotar de aparellos dignos tanto a vila como as parroquias e impulsaremos o noso polígono industrial. Baixaremos os impostos para dinamizar a economía de Ribadeo. Mellora-

remos infraestruturas necesarias para Ribadeo. Con isto lograremos poñer Ribadeo onde se merece e sacalo da parálise.

**Que se fará polas parroquias?**

As parroquias merecen un trato de primeira. Levaremos a cabo unha limpeza e conservación permanente das parroquias. Elaboraremos un plan de infraestruturas serio e pactado cos veciños. Investiremos e conservaremos os locais sociais. Dinamizaremos as parroquias con actividades culturais, non só nunha época do ano. É necesario desestacionalizar a cultura. Impulsaremos a economía (sector primario, enerxías renovables, sector forestal...). Unha das primeiras medidas será poñer puntos de descarga de madeira. O rural ten vida e debemos aproveitala.

## O VIII Ribadeo Indiano será do 7 ao 9 xullo e sortearase unha viaxe

A oitava edición do Ribadeo Indiano virá cargada de novidades. Esta festa histórica, que rende homenaxe ás familias emigrantes e que se celebra do 7 ao 9 de xullo, supérase ano a ano tanto no referente á cantidade de persoas que se achegan á vila para gozar desta cita, como tamén nas actividades organizadas.

A lenda da música cubana, Eliades Ochoa, será a estrela musical do Ribadeo Indiano 2023. O concerto será o 9 de xullo ás 20.30 horas no barrio indiano de San Roque.

O grupo musical A Trova Coruñesa, do que forma parte o percusionista ribadense Chenchu López, actuará o 8 de xullo, sábado, ás 14.00 horas no escenario principal do evento, instalado no barrio de San Roque.

**XINCANA.** A pegada indiana, será o xogo que se celebrará o sábado 8 por equipos nos que os participantes terán que pasar unha serie de probas e superar os puntos estratéxicos para gañar. Cada proba estará situada nun punto



estratéxico, que os participantes deberán adiviñar, seguindo as pistas que a organización proporciona. Para participar será necesario apuntarse en xincanaribadeoindiano@gmail.com.

**EXPOSICIÓN.** A exposición Bítacora Incompleta é a primeira mostra dos artistas contemporáneos cubanos, Ricardo Miguel Hernández, Yunior Aguiar Perdomo e do dúo artístico Celia – Yu-

nior, en Ribadeo, Galicia. As obras incluídas exploran temas de memoria, viaxe, desprazamento xeográfico e emocional. Estas exploracións visuais utilizan medios como a colaxe, vídeos, examinación de obxectos de arquivos que reflexionan sobre os nexos históricos de carácter cultural e familiar entre Cuba e Galicia.

**SORTEO.** A Asociación de Comerciantes, Servizos e Autónomos de Ribadeo sortean unha viaxe a Cuba para dúas persoas, en forma de combinado pechado de 3 noites na cidade da Habana e 4 noites na cidade de Varadero. Para participar haberá que comprar nos establecementos asociados sen importe mínimo, e con cada compra entregaranse unha ou varias rifas. Estas compras serán válidas ata o 9 de xullo, día no que se instalará unha urna na praza de San Roque, fronte os Cocos; dende as 12.00 horas ata as 21.00 horas; onde se deberá depositar unha das partes da rifa numerada.

## O municipio contará cun proxecto solidario a través da lectura

O Concello, a través do obradoiro de emprego Vilas Coidadoras, e particularmente a especialidade de Dinamización, Programación e Desenvolvemento de Accións Culturais, vai poñer en marcha nas próximas semanas un proxecto solidario co obxectivo principal de tecer redes sociais coas persoas maiores da residencia municipal a través da lectura.

Dende o equipo de Goberno local explicaron que “buscamos voluntarios de 16 anos en diante que queiran participar neste proxecto que se realizará todos os días de 17.00 a 19.30 horas, podendo elixir eles o tempo e os días que queiran dedicar a esta actividade”. A organización subliñou que “este programa contará co respaldo da Biblioteca Municipal, xa que esta fará chegar á residencia de maiores un préstamo de libros cada mes e ademais esta iniciativa enmárcase dentro dun proxecto maior ao que chamamos Lectura porta a porta.



Trátase dun proxecto de animación á lectura organizado desde o obradoiro que, entre outras iniciativas, contempla a creación de varias bibliotecas rurais e a instalación de dúas caixas de libros en espazos abertos no casco de Ribadeo”. Todas aquelas persoas interesadas en apuntarse poden facelo presencialmente na Biblioteca Pública Municipal de Ribadeo El Viejo Panchico ou ben chamando ao teléfono 982 128 230.



## O colexio Pedro Caselles Rollán, agasallado no certame Innovaugas



O CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove acadou un novo premio no certame Premios Escolares Innovaugas polo seu proxecto sobre o uso responsable da auga. Os outros tres colexios gañadores foron o de Cee, Ourense e Nigrán

A directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, presidiu a entrega dos galardóns ao colexio Manuela Rial Mouzo de Cee, co proxecto *As pinguñas viaxeiras*; ao CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove, co traballo *Gota a gota tamén se esgota*; ao colexio Carmelitas de Ourense, co vídeo *Xornal Auga*; e ao colexio Estudio de Nigrán, co vídeo *A auga*.

Tamén resultaron finalistas centros como o Colexio Galaxia, de Ribeira; o CEIP Xoaquín Loriga de Lalín; ou o Colexio Lar, de Mos.

En cada provincia, o xurado se-

leccionou 4 equipos finalistas e, de entre eles, o gañador por provincia recibirá 3.000 euros como premio. Aos restantes finalistas tamén se lle concede un agasallo consistente nun bidón de auga fabricado con plástico reciclado.

Os participantes debían elaborar unha peza audiovisual sobre o respecto da auga, dunha duración máxima de 1 minuto e mínima de 15 segundos, pensada para a súa difusión a través de redes sociais. O obxectivo é o fomento entre o alumnado de primaria, cun enfoque didáctico adaptado aos novos tempos, da adquisición de bos costumes na utilización da auga e o coñecemento do comportamento dos ecosistemas hidrolóxicos naturais, as dinámicas fluviais ou os riscos asociados a eventos extremos ou ao cambio climático.

## ‘Viaxando. Coleccións de Arte’ poderase desfrutar ao carón do centro cívico



O Concello de Xove, ABANCA e Afundación presentaron na praza anexa ao Centro Cívico de Xove, a exposición de rúa *Viaxando*. Coleccións de Arte Afundación e ABANCA.

*Viaxando*. Coleccións de Arte Afundación e ABANCA estará na rúa de Xove ata o vindeiro 9 de xullo. É unha proposta que amosa pezas das Coleccións de Arte Afundación e ABANCA que convidan a viaxar, ben

por Galicia, ben arredor do mundo. A cronoloxía das pezas vai desde finais do século XIX ata a actualidade, e cada unha delas vai acompañada dun texto escrito pola crítica de arte Mercedes Rozas. O concepto do proxecto é a viaxe, que sempre supuxo unha procura de bagaxe intelectual, un desexo de experiencia e un xeito de descubrir novos rumbos para a produción artística.

## Xogos, excursións e deporte son as actividades para este verán

Presentouse o programa de actividades deportivas e lúdicas do verán que é un programa moi amplo que inclúe festas, xogos de todo tipo, excursións, competicións deportivas, obradoiros, etc.

Malia que moitas das actividades xa comezaron en xuño, para estes meses de xullo e agosto virán o programa Xuventude que acolle campamentos, kartódromo, viaxes e escape room. A inscrición para estas actividades vaise realizar na OMIX unha semana antes de cada actividade.

Os 12, 13 e 14 de xullo será o campamento en Morás e o 28 de xullo haberá unha viaxe ao kartódromo de Tapia e ao labirinto de Rinlo O. Ambas actividades para nenos a partir de 4º de primaria. O 5 de agosto será a viaxe ao aquapark de



Cerceda e o 18 de agosto unha Escape Room no Centro Xuvenil. O programa Xuventude en Roq Sport con prazas limitadas será no parque de aventura o 5 de xullo, rapel o 19 de xullo, kayaks o 2 de agosto e paint ball o 9 de agosto.

O Xuventude en A Balea Verde, con prazas limitadas vaise desenvolver

os días 7 e 21 de xullo, e 4, 11 e 25 de agosto, incluíndo: kaiaks, deportes de praia e snorkel. As inscricións faranse ata 2 días antes. Os domingos a remollo na praia de Lago, os días 9, 16, 23 e 30 de xullo, e 6, 13 e 20 de agosto. Con saídas en kaiak e padel surf, en horario de 16.00 a 19.30 horas.

## Convocado o IX Concurso de Fotografía Medioambiental Xove, a súa costa e o seu mar

O Concello convoca o IX Concurso de Fotografía Medioambiental Xove, a súa costa e o seu mar. A idea básica deste concurso é a de potenciar a participación cidadá na protección do medioambiente.

Dentro do concurso terán unha única categoría e en canto aos premios, contarán con cinco premios en metálico valorados en 120, 100, 90, 75 e 65 euros.

A temática, tal como recolle o título, vai ser a costa e o mar de Xove, e as imaxes deberán ser realizadas polos propios participantes, xa que en ningún caso se aceptarán imaxes copiadas ou realizadas por persoas distintas.

Poderanse presentar un máximo de 3 fotografías, as cales deberán ser sacadas dentro do término municipal de Xove.

A documentación para participar no concurso será a ficha de inscrición-autoría establecida ao efecto, unha copia do NIF do concursante, e un CD que conteña as imaxes dixitais. O sobre que conteña esta documentación deberá presentarse ata o 8 de setembro de 2023, e poderá presentarse tanto no Rexistro de Entrada do Documentos do Concello coma mediante envío por correo postal ordinario; neste último caso, deberá facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación.

## A Escola de Natación de Xove organiza cursos para nenos

Os meses de xullo e agosto, a Escola Municipal de Natación de Xove, organiza diferentes cursos para nenos e nenos de entre 2 e 4 anos.

Estos cursos serán en sesións de mañá, dous días á semana, e unha duración de 1 mes, en total 8 sesións.

Este servirá para facer unha adaptación ao medio acuático, na cal os nenos disfruten da auga o máximo e consigan unha completa familiarización.

Estos cursos faranse, as primeiras sesións cos pais/nais/ou outro familiar na auga. Para anotarse ou resolver dúbidas haberá que chamar ao 609 13 43 20.

**ESCOLA DE MAIORES.** A Escola de Maiores de Xove, que dirixende hai moitos anos a profesora Angélica Quelle, realizou a clausura do Curso 22-23. Os 27 alumnos que participaron este ano traballaron ao longo do curso en dúas sesións semanais de 1,5 horas cada sesión. Ademais das actividades académicas, realizaron unha visita cultural a Noia.

Esta escola conta con saídas culturais programadas dentro do curso académico e que aportan un gran coñecemento vivencial e social ás persoas participantes.





# “Gustaríanos que Cervo sexa inclusivo e moi dinámico”

Dolores García Caramés é a nova rexedora trala marcha de Alfonso Villares

Dolores García Caramés é a nova rexedora de Cervo trala marcha de Alfonso Villares como conselleiro de Mar no Goberno galego. García Caramés, que xa foi a tenente de alcalde neste catro anos e número dous nas listas do PP nas eleccións, chegou á política cervense no 2015 cando sendo a número cinco naquela lista, pero o seu traballo e dedicación fixeron que Villares depositara a súa confianza nela. Nas eleccións do 2019, ademais de ser tenente de alcalde, fíxose cargo da concellería de Facenda, o que fixo que o concello está libre de hipotecas e das débedas herdadas por primeira vez en 35 anos.

**Ser alcaldesa é unha responsabilidade. Que supón para vostede este reto?**

Recoñezo que asumo este novo rol con certo vertixe pero con moita ilusión, con orgullo e con compromiso para seguir traballando polo meu pobo, polos meus veciños, e desde estas novas competencias.

**O seu predecesor deulle algún**

**consello?**

Alfonso díxome que sigamos traballando como ata o de agora. Escoitando, estando coa xente, e estando presentes no día a día da veciñanza. Sendo un equipo e con Cervo como única prioridade. Creo que tiven o mellor mestre posible, e intentei escoitalo sempre e aprender del.

**Conta con experiencia sendo tenente de alcalde e á fronte da concellería, seguirá nunha liña similar?**

Si. O camiño xa o fomos trazando nestes anos de Goberno, e pretendemos seguir a mesma liña de traballo. O primordial é seguindo dando resposta ás necesidades da veciñanza e estar ao carón do tecido asociativo. Así é como nos gusta traballar en Cervo e ao noso equipo.

**Xa conta cun equipo formado, isto é unha vantaxe?**

A verdade é que si. Neste momento tocouse a min coller o bastón de mando, pero teño ao lado un equipo de compañeiros excepcio-

nais, desde o número 1 ao 7; hai algunha nova incorporación no Goberno, o que é moi positivo e ademais traerá con si ideas novas. Todos nos coñecemos, sabemos como traballamos, e o máis importante, coñecemos a realidade deste concello e as súas necesidades. Estou segura de que nos apoiaremos como equipo.

**Cal será o seu primeiro paso como alcaldesa?**

Pois estamos nun intre importante, no arranque da lexislatura, polo que agora é o momento de dividir as áreas de traballo pensando sempre no mellor para este Concello.

**Nestes anos levou a cabo diferentes proxectos, non?**

Si, ao estar en Patrimonio, puiden formar parte da recuperación da contorna das antigas fábricas de Sargadelos cun proxecto de emprendemento e temos en marcha a posta en valor do castro da Atalaia onde está proxectado o Centro Arqueolóxico da Mariña. No relativo á Educación e Cultura, levei a cabo os programas de



conciliación, que son un signo de identidade deste Concello e xa estamos inmersos nunha nova edición do programa Cervo Concilia; tamén nas noites alternativas, nas actividades culturais, etc.

**Pode debullarnos os seus proxectos inmediatos?**

Temos proxectos moi fermosos por materializar e que xa quedaron encamiñados na anterior lexislatura, como son a construción da estrada das Quintas en Cervo ou a creación do Centro de Arqueoloxía na Atalaia, por exemplo. Seguiremos tamén tendo moi presente o noso rural, mellorando os servizos nas nosas aldeas, para intentar mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas e tamén para facelas atractivas para o asentamento familiar e que sexa un pobo atractivo para posibles

novas familias.

**Como será o Cervo destes próximos catro anos?**

Gustaríanos que Cervo sexa para todos, que sexa inclusivo, que conte con oportunidades, que sexa un municipio dinámico e con moita vida ... Un referente en servizos públicos e nas políticas de conciliación familiar, que é como nos gusta facer as cousas.

**Como é a súa maneira de traballar?**

Farei política como me gusta, desde o respecto, desde a humildade e falando coa veciñanza. Creo que o meu traballo neste últimos anos á fronte da Concellería de Facenda, Cultura, Educación e Patrimonio e ao carón do tecido asociativo é un claro exemplo da maneira de traballar que teño.

## Xa hai gañadores do XIII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2023



O Concello de Cervo, a través da delegación de Medio Ambiente, fallou o XIII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2023.

En total, foron 41 as instantáneas que participaron neste concurso convocado con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente.

O primeiro premio foi para Fer-

nando Fra Rico, San Cibrao, coa fotografía titulada *O Camiño das Estrelas*, e con 55 puntos. Esta obra tamén foi agasallada co premio Top Cervo ao ser a fotografía do Concello de Cervo con maior puntuación.

E o segundo foi para María Fernández Cabaleiro, de Xixón, coa fotografía titulada *Triste Legado*, con 54 puntos.

## Volve unha nova edición do Cervo Voluntariado Miúdo

Volve unha nova edición do Voluntariado miúdo de Cervo, un proxecto de acción dirixido a rapaces de entre 12 e 15 anos de idade, e que chega a súa terceira edición.

Dado o éxito de participación da primeira edición o Concello decidiu levar a cabo unha segunda edición. Haberá prazas limitadas polo que compre anotarse ou solicitar información na casa da cultura ou chamando ao teléfono 683 31 59 39.

O obxectivo xeral do proxecto de voluntariado é poñer en práctica a implicación solidaria e o compromiso activo da comunidade moza coa sociedade a través do desenvolvemento cultural e social.

Así como a idea de ser un instrumento para a formación integral do alumnado de Educación Primaria ao redor dos valores asociados ao voluntariado e á solidariedade.

**TALLER DE MEMORIA.** O Concello vén de clausurar unha nova edición do taller de memoria programado pola delegación de Servizos Sociais e que se imparte nos locais sociais das diferentes parroquias do municipio.

O rexedora, Dolores García Caramés, e a concelleira Pilar Armada, participaron no acto de entrega de diplomas ás 30 persoas asistentes ao curso.

Caramés apuntou que “o taller de memoria cumpre xa trece edicións polo que é unha actividade máis que consolidada dentro da programación lúdico-educativa que deseñamos para os nosos maiores; tentando ofrecerlles todas as ferramentas que están ao noso alcance para estimular e dinamizar o seu día a día, ao tempo que traballan e exercitan esa facultade”.

## A sala de exposicións das Carboeiras de Sargadelos acolle unha mostra

A sala de exposicións das Carboeiras no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos acolle ata o 22 de xullo unha mostra retrospectiva do escultor Eduardo Rodríguez Osorio.

Esta espectacular exposición leva o nome *Antolóxica de esculturas* e recolle máis dunha treintena de obras escultóricas, debuxos e fotografías. Nelas, introduce ao espectador nunha Galicia primitiva que convirte en paradigma dun acontecemento espiritual o que os demais consideran flocloro, humanizando as formas tan modeladoras do seu propio estilo. Así mesmo, Laura Dóldán trasladará o seu Arte en Vivo de San Cibrao a Sargadelos. Esta mostra estará ata o 31 de agosto.

O horario de apertura do centro é de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas, e a fin de semana de 10.00 a 20.00 horas; con cita previa fóra de horarios haberá que chamar ao teléfono 623 416 108.



## a pontenova

## Adiada a Baixada das Carrilanas

A organización da Baixada das Carrilanas da Pontenova informou de que a celebración deste ano non será posible debido a que as vindeiras eleccións estatais serán o 23 de xullo.

Así, terán que pospoñer esta cita deportiva e deberán escoller outra data na que a Federación de Deportes de Inercia e o Concello podan coincidir,

e que non se solape con outro tipo de celebracións.

Esta baixada está organizada por Motoreo A Pontenova e ía ser puntuable para a Copa de Europa, para a Copa Galicia e para a Copa de España.

Polo momento haberá que esperar para saber cando se poderá celebrar esta tradicional proba de inercia.

## Volve o campamento municipal

Os pequenos do concello da Pontenova volverán desfrutar dun campamento de verán e no que haberá dúas categorías. A primeira, de dúas semanas, do 24 de xullo ao 4 de agosto, e a segunda, de 4 semanas, do 17 de xullo ao 11 de agosto.

Nel, os rapaces poderán ir de excursión e participar en xincanas, variados obradoiros, facer todo tipo de deportes, ademais de desfrutar do concello.

A actividade en principio está prevista para idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos e

convén apuntarse porque hai límite de 60 prazas e será en horario de 10.00 a 14.00 horas.

Os pais ou rapaces que estean interesados en inscribirse poden facelo na casa do Concello ou chamando ao teléfono 982 342 277, ata o 10 de xullo.

O campamento de dúas semanas ten un prezo de 30 euros para empadroados no Concello e 70 para os que non o estean. No caso de asistir durante as 4 semanas o prezo será de 50 euros para empadroados e 100 euros para os que non o estean.

## Mondoñedo acollerá diferentes actividades durante estes meses

A vila acollerá diferentes actividades durante este verán para que os pequenos e adultos podan desfrutar do tempo de ocio.

Así, durante o mes de xullo o venres 7 haberá un concerto de Tomás Porteiro na praza do Concello ás 20.00 horas e o domingo 8 será a presentación do libro *El pronunciado escote* de Mondoñedo de José de Cora, no salón de plenos do Concello ás 12.00 horas.

O seguinte sábado, o día 15 haberá un encontro motociclista solidario polas rúas do centro, e o venres 21, o Mago Paco presentará o seu espectáculo *Unha maxia diferente*, ás 19.30 horas na praza do Concello. Xa ás 23.00 horas dentro da programación do Merlín Fest, o Trío Somoza dará un concerto tamén na praza do Concello. O domingo 23 de xullo será a quenda do concerto solidario de Skadelos ás 13.00 horas.

O venres 28 poderase desfrutar da obra *O señor Patajullo*, un contos musical de Nelson Quintei-



ro na praza do Concello ás 20.00 horas, e o sábado 29 ás 20.00 horas será a quenda da pianista Ingrid Cusido, quen dará un concerto no centro cultural Santa Emilia. Para asistir será necesario reservar na oficina de turismo.

O último domingo de xullo, o día 30, abrirá a programación o Merlín Fest coa actuación de Amorodo, música urbana, rap e trap. Será na praza do Concello ás 13.00 horas e pola noite, ás 22.30 horas haberá cine infantil coa película *A Galiña Turuleca*.

Xa no mes de agosto, o venres 4 os

Bolechas visitarán Mondoñedo ás 20.00 horas, e o domingo 6 haberá unha sesión vermú a cargo de Airband. O mércores 9 será o coro Mestre Pacheco o que animará a xornada da Escola Municipal de Música O Pallarego.

O luns 14 de agosto haberá dous DJs na Fonte Vella, dentro do programa do Merlín Fest. E o luns 21 e o xoves 24 poderase desfrutar de dous concertos do Festival Bal y Gay.

Para calquera dúbida ou solicitar información, pódese facer de maneira telefónica chamando ao teléfono 982 524 003.

## barreiros

## As visitas guiadas son as novas propostas para a época estival

O Concello de Barreiros conta co seu novo Programa de Visitas Guiadas Barreiros queda en ti para este verán con novas propostas respecto ás anteriores edicións.

A través de percorridos de diferentes temáticas e en diferentes localizacións do municipio, tanto de interior como de costa, preténdese sacar á luz a esencia do territorio, amosando a súa riqueza cultural, ambiental e xeolóxica así como as formas de vida das súas xentes.

Así contarán coas cinco propostas con posibilidade de participación tanto en xullo como en agosto. A primeira é A vida aos pés do Mar Pequeno, que será un percorrido circular regresando ao punto de partida a través do Camiño Natural do Cantábrico.

A segunda, O día a día dun gandeiro con visita a unha granxa. Co obxectivo de poñer en valor un dos sectores económicos clave ao longo da historia de Barreiros.



A terceira serán unhas Rutas xeolóxicas Litoral de Barreiros. Un percorrido polo litoral d no que as praias e cantís revelarán a súa orixe, o seu percorrido polo planeta e o motivo polo que se sitúan aquí.

A cuarta será San Miguel de

Reinante, pasado moi presente. Neste paseo farase unha retrospectiva sobre a vida no pobo a través dun percorrido por diferentes vestixios patrimoniais que son testemuñas do pasado. A quinta será Santo Estevo do Ermo, refuxio de biodiversidade e patrimonio. A través deste itinerario retrocederáse milleiros de anos somerxendo aos participantes na súa historia, patrimonio material e inmaterial, nos valores da súa fraga e nas orixes dalgunhas das especies que aquí atopamos. Máis aló da súa ferverza este pequeno bosque autóctono é unha caixa de sorpresas, un lugar para apreciar como se merece.

Todas as rutas son gratuítas. As persoas interesadas poden consultar toda a información e inscribirse páxina web de turismo municipal [www.barreiros-turismo.gal](http://www.barreiros-turismo.gal). Para resolver dúbidas poden contactar coa Oficina de Turismo municipal, teléfono 982 134 400.

## En marcha un programa de actividades de verán

Desde o Concello de Barreiros poñen en marcha o programa Movernos no verán 2023, que conta con tres propostas distintas pero combinables entre si e co que sumar actividade física entre a mocidade (maiores de 12 anos) e persoas adultas. Estas son lombo saudable, ximnasia de mantemento e ioga e teñen 1 hora de duración. As clases serán impartidas cun mínimo de 5 persoas inscritas e un máximo 16. Se o número mínimo de inscricións esixibles non se cubrira, a clase non se impartida.

O xeito para anotarse vai ser de maneira presencial no Rexistro do Concello de Barreirosen horario de 8.30 a 15.30 horas e ata esgotarse as prazas que se cubrirán por estrita orde de inscrición.

**RETROCLÁSICOS.** Os automóbiles clásicos volverán a Barreiros en agosto, así o confirmou a organización da



concentración de Retroclásicos. Esta cita está confirmada para o 19 de agosto de 2023 e desenvolverase na praia de Coto, en San Pedro de Benquerencia.

Previsiblemente haberá música, servizo de bar, exposicións, ruta, comida, premios, agasallos aos inscritos... E un sen fin de sorpresas máis. Para máis información será necesario chamar ao teléfono 697 356 090.



## O parque empresarial contará coa BUO para a loita contra o lume

O Concello acaba de conceder licenza para a construción no parque empresarial da Base Integrada de Unidades Operativas de Mondoñedo, promovida pola Axencia Galega da Industria Forestal, para a loita contra o lume e a protección do monte na área da Mariña. O orzamento de contrata das obras ascende a 479.918,65 euros.

En canto ao edificio en si, no proxecto sinalase: "Proponse a execución do centro coma un espazo dedicado á defensa do monte, pero tamén coa vontade de converterse nunha das iconas de Mondoñedo. Trátase de xerar un contedor de servizos de protección forestal, que poda funcionar como nodo de todos os axentes participantes nesta ardua labora, favorecendo a conciliación entre descanso e traballo dos brigadistas,



pero sen esquecer a integración nunha contorna tan sensible. Para minimizar o impacto dunha edificación, óptase por fragmentar o seu volume, en dúas ás diferenciadas, unha aberta, e outra consistente nun volume pechado. Outro dos mecanismos de integración é a inclu-

sión de parasois emparrados e que voan sobre a paisaxe, minimizando o impacto do soleamento na área de comedor e descanso".

O terreo no que se construírá a BUO é cedido polo Concello, segundo explicou no seu momento o alcalde, Manuel Otero.

## O IES San Rosendo, gañador dun proxecto de Polos Creativos



O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo resultou gañador na categoría Secundaria, nas Xornadas de exhibición dos mellores proxectos de Polos logo do seu primeiro curso de implantación. Así, os mindonienses conseguiron o premio polo seu proxecto ao Mellor recurso de comunicación cultural/social, que pon en

valor a cultura tradicional e da comunicación interxeracional coa recreación de xogos tradicionais empregando material de refugallo.

Na provincia de Lugo tamén foi agasallado o EEI de Fingoi no 2, na categoría Primaria, co Mellor proxecto de fomento de hábitos de vida saudable e sostibilidade.

## O Moto Club Ruta N-634 de Mondoñedo organiza unha festa motociclista solidaria

O Moto Club Ruta N-634 de Mondoñedo organiza para o vindeiro 15 de xullo unha festa moteira solidaria a favor da Asociación Foxgi España e en concreto con Marta.

Durante esta cita poderase desfrutar de música, agasallos e sorteos a partir das 20.30 horas a cargo de Onda Norte na praza do Concello así como dunha pequena ruta polo pobo.

Este Moto Club adoita organizar en marzo a súa Concentración Mototurística N-634 Cidade de Mondoñedo na que xa levan máis de trinta edicións.



## Arranca a terceira edición do programa As TIC Na casa



O Concello de Mondoñedo arranca a terceira edición do programa As TIC Na casa, iniciativa que se empezou a desenvolver en todas as parroquias despois do confinamento, para achegar aos maiores o uso das novas tecnoloxías. Nesta edición levarase a cabo en Mondoñedo centro, Oirán, Sasdónigas e Viloalle. O programa comeza agora e durará ata finais de setembro.

O envellecemento da poboación é unha das maiores preocupacións dos galegos. Para abordar a relación das persoas maiores coas TIC, o programa As TIC na casa emprega dúas perspectivas: como usuarios activos que as usan para realizar tarefas de todo tipo (lecer, formación, xestión administrativa etcétera), ou como usuarios perceptores de servizos de apoio á súa vida diaria, cunha necesidade de interacción mínima coa tecnoloxía ou mesmo sen interacción algun-

ha. Por outro lado, apoia á comunidade local de persoas maiores na integración na sociedade dixital e dótaas de ferramentas que lles permitan ser membros activos e con maior autonomía. Igualmente, crea vínculos positivos nas zonas rurais, habilitando espazos e recursos para establecer puntos de reunión equipados con tecnoloxías da información. Permite crear sistemas de alerta temperá.

Os obxectivos do programa As TIC na Casa son prolongar a autonomía persoal e o benestar dos seus participantes, facéndoos formar parte da sociedade dixital actual; resolver as súas necesidades telemáticas e fomentar a utilización das TIC como ferramenta que lles permite estar conectados coas súas familias e co mundo que os rodea, ademais de controlar aspectos básicos da súa saúde e manter un estilo de vida activo.

## Mondoñedo celebrará o Mercado Medieval o 11, 12 e 13 de agosto



Os organizadores do Mercado Medieval de Mondoñedo, que este ano chega a súa trixésima primeira edición, comezan a facer os preparativos deste evento que se celebrará os días 11, 12 e 13 de agosto

Dende o Concello din que seguirase a apostar polos espectáculos que máis gustan como son o torneo medieval, o campamento medieval e infantil, actuacións de rúa durante todo o día, entre outros.

Aínda que o programa de actividades non está pechado, previsiblemente volverán as que máis tirón teñen como son a exhibición de cetrería, o combate e adestramentos de cabaleiros, o Gran Torneo Medieval, as mostras e os obradoiros e a cea do sábado.

Durante estes días poderase desfrutar tamén de demostracións e vendas de produtos artesanais e típicos da terra e algunhas degustacións gratuítas.

O éxito deste evento, declarado Festa de Interese Turístico Galego, é grazas á implicación de todos os veciños e veciñas de Mondoñedo.

## A nova edición da Feira de Artesanía Os Muíños será o 29

Vén de presentarse unha nova edición da Feira de Artesanía Os Muíños, en Mondoñedo, que leva celebrándose dende o ano 2004. A presente edición celebrarase o vindeiro sábado día 29 de xullo do 2023 e contará con postos de artesanía por todo o barrio mindoniense dos Muíños que achegarán a riqueza artesanal de Galicia á cidade episcopal. Dende a organización e o Concello de Mondoñedo, queren convidar a todo o mundo a que veña a pasar un día artesano en Mondoñedo.





# “Gustaríanos facer proxectos que impliquen aos veciños”

Efigenia Maseda converteuse na nova rexedora nas eleccións de maio

A alfocega Efigenia Maseda nada no barrio de Vilaúde da parroquia de Mor é Licenciada en Filoloxía Clásica pola USC.

**Sempre afirmou que VIA non apoiará a ningunha outra forza e así foi, e finalmente é a alcaldesa de Alfoz, como afronta este reto?**

Afronto este reto con ilusión e con moitas ganas de que Alfoz mellore. Isto foi o que propuxemos desde o principio na nosa campaña electoral. A veciñanza deunos un mandato claro: falar, dialogar e antepoñer o futuro de Alfoz ao noso, porque ninguén nos obriga a estar en política, e así hai que entendela.

**Como se ve como alcaldesa?**

Polo momento estou asentándome e acostumándome ao cargo. Intentando dar feito o día a día do concello e poñendo as primeiras pedras dos comezos dos proxectos que nos gustaría levar a cabo. Malia polo momento, repito, estamos co día a día, pois son moitos procedementos e hai cousas atascadas.

**Para VIA Alfoz era importante con-**

**seguir este bastón de mando?**

Para nós era importante darlle a Alfoz un Goberno estable e por iso non queríamos enganar aos nosos votantes, e desde o primeiro momento dixemos que ou contábase coa Alcaldía ou nos quedabamos na oposición. Así, despois de tenderlle a man aos diferentes grupos políticos coas mesmas condicións, chegamos a esta posición. Foi o resultado dunhas negociacións en igualdade.

**A súa experiencia como docente cre que lle servirá?**

Claro que si. Tanto a min como aos meus compañeiros de Goberno, que tamén traballa en Educación e outra que é traballadora do sector eólico, creo que os nosos coñecementos nos servirán para comprender o funcionamento de moitas cousas así como saber tratar coa xente pois temos traballos cara o público.

**Alfoz necesitaba cambios?**

Eu creo que coma calquera vila necesita melloras, é dicir, senón se necesitasen non tería cabida a nosa

presenza como políticos.

**Algún en concreto?**

O principal é que me gustaría manter todo o que temos e se podemos, melloralo. Polo momento iremos rematando proxectos comezados e que son beneficiosos para o municipio, e algúns outros que trataremos, dentro do posible, de modificarlos porque poden ter outra interpretación. Pero son tarefas que iremos facendo pouco a pouco, por que acabamos de chegar. Pero gustaríanos facer proxectos que impliquen aos veciños e que eles se vexan involucrados na vida diaria do municipio.

**Seguirá adiante cos proxectos do ex rexedor?**

Continuaremos sempre e cando sexan beneficiosos para o municipio. E os que consideremos que se podan e deban ser modificados, pois así nolo transmitiron os veciños. Porque non todos son viables.

**Cales son os seus proxectos para o municipio?**

O noso programa está resumido en 50 propostas realistas, realizables e,



sobre todo, necesarias para garantir o futuro do noso concello. Pero a grandes trazos queremos desenvolver urbanisticamente o concello, permitindo o asentamento de poboación e de industrias; baixar o IBI, coa intención de reducir o recibo da contribución. Poñer ao día o mantemento do noso concello a través do programa de conservación que inclúe os edificios, rutas, camiños e estradas das 9 parroquias ou favorecer a conciliación familiar tendo en conta tanto aos máis maiores da casa como aos máis pequenos.

**Alfoz conta cunha poboación envellecida.**

Si, e hai que darlle servizos como o de axuda no fogar no que temos lista de agarda, e esta lista ten que desaparecer. Gustaríanos crear unha aula interxeracional para todas as idades partindo da base de que o centro de primaria e a vivenda comunitaria

atópanse moi preto. Isto serviría de intercambio de experiencias.

**Xa se sabe algo do Mercado Medieval?**

Xa tivemos a primeira reunión do grupo e estamos dando os primeiros pasos. Partimos da base de que todos os que o estamos organizando temos unha certa experiencia. Esta cita será o 15 de xullo e polo momento podemos avanzar de que contará coa estrutura de programas anteriores aínda que evidentemente faltarán eventos por cuestión de loxística e axendas. Así, haberá unha actuación o venres á noite, a inauguración do Mercado será o sábado pola mañá acto no que participará o pegoiro, e haberá torneo de cabalos, cetrería, etc. O noso obxectivo é intentar darlle un empurrón ao Mercado Medieval para que volva ser dos veciños e para os veciños sobre todo, e tamén para os visitantes.

## trabada

### O Centro Etnográfico José Rocha está a ter boa acollida

O Centro etnográfico José Rocha, que ten como principal obxectivo difundir o patrimonio etnográfico de Trabada e da Comarca da Mariña, está a obter moi boa acollida desde a súa apertura en agosto do 2021.

A denominación e, mesmo a súa existencia, débelle a José Rocha, o antigo propietario da colección que neste museo se expón ata que, hai uns anos, decidiu doala en favor do pobo e compartir a riqueza cultural coa que contaba. José Rocha leva décadas coleccionando obxectos e obras antigas de todo tipo.

É posible visitar o Centro Etnográfico de mércores a domingo de 10.00 a 14.00 por un prezo de 1,50 euros por persoa. Ademais, o Concello de Trabada enviará información aos centros escolares para detallar a posibilidade de vitalo.

### O Concello de Trabada promove unha xornada de portas abertas no PAI

O mércores, 12 de xullo, o Concello de Trabada promove unha xornada de portas abertas no punto de atención á infancia ou PAI coa finalidade de dar a coñecer o centro e as actividades que se desenvolven nel.

Este centro conta cun ambiente familiar, con horarios flexibles e con ratos pequenos para dar o mellor servizo ás familias. Esta situado na rúa Serra da Cadeira e para máis información haberá que chamar ao 982 135 011.

O Punto de Atención á Infancia de Trabada abriu no ano 2020 e conta con dezasete prazas e un horario de atención de 8.00 a 16.00 horas de luns a venres, agás festivos, calendario laboral e festivos locais.

Este servizo serve para fixar poboación, dado que os datos no



municipio son “preocupantes”, admitía o goberno municipal naquel ano.

A escola infantil quere colaborar coa conciliación da vida familiar e laboral para que sirva de asentamento poboacional.

### A Festa dos Chóferes de Alfoz xa ten programa festivo para este ano

Alfoz volverá celebrar unha das principais citas do seu verán, a Festa dos Chóferes, á que adoitán acudir centos de vehículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos.

Esta cita festiva terá lugar os vindeiros 28, 29 e 30 de xullo, e comezará na noite do 28 ás 23.00 horas coa festa verbena de discoteca móbil de Eventec e Grupo Beatriz.

O sábado 29 haberá oficio relixioso ás 13.00 horas seguido da sesión vermú amenizada polo grupo Costa Dorada, que será o encargado de poñer a nota musical pola noite xunta coa orquestra Fania Blanco Show.

A xornada do domingo 30 comezará ás 11.00 horas coa procesión dos vehículos das parroquias do Concello, e ás 13.00 horas a misa solemne e a bendición dos vehículos no que haberá premios



para os mellores de cada categoría. Despois haberá sesión vermú amenizada polo grupo Montreal. Dende a organización informan de que dispoñen de carpa con mesas e toma de corrente eléctrica para as que haberá que reservar chamando ao teléfono 648 815 979 e zona de acampada chamando ao 685 887 719.



## A Romaxe Viqinga 2023 xa está preparando as actividades

A organización da Romaxe Viqinga do Vicedo 2023 comunicou que xa están preparando algunhas actividades para esa cita que será o sábado 29 de xullo. O cartel deste ano corre a cargo do debuxante Cristian F. Caruncho.

As actividades comezarán pola mañá, ás 10.30 horas coas aperturas dos campamentos viquingos e cristiáns. Ao longo do día haberá obradoiros, xogos para nenos, adestramentos, pintacaras e tatuaxes viquingas.

A media mañá será a batalla na praia de San Román e a chegada do barco viquingo. Pola tarde volverán os xogos, os contacontos, os combates a pé, e haberá unha ordenación de 6 cabaleiros cristiáns.

Pola noite contarán con dous concertos musicais e un desfile das tropas cristián e viquingas cos fachos ardendo que dará



paso ao enterramento e ás vodas á medianoite, así como aos xogos tradicionais.

Dende a organización, destacan que "o que destaca o pregón do venres 28 que estará a cargo da actriz galega Isabel Blanco. A continuación haberá un desfile

polo pobo con viquingos, cristiáns e uns gaiteros, e xa pola noite polos bares serán os cantos de taberna.

Coma noutras ocasións haberá postos de artesanía e alimentación e para participar será necesario comunicalo a [turismovicedo@gmail.com](mailto:turismovicedo@gmail.com) ou [romaxeviqingavicedo@gmail.com](mailto:romaxeviqingavicedo@gmail.com) ou chamando aos teléfonos 982 590 195 e 629 172 745. Os participantes que atendan os postos deberán estar caracterizados de acordo coa temática e respectarán o lugar asignado pola organización para a súa instalación.

A participación na Romaxe Viqinga dá dereito a recibir por parte da organización corrente eléctrica e auga. As alargadeiras, mangueras ou calquera equipo necesario para a conexión correrán a cargo dos participantes.

## Lista a escaleira provisional de acceso ao Fuciño do Porco



O Goberno local do Vicedo informou de que xa está lista a escaleira provisional de acceso ao Fuciño do Porco. Esta obra foi adxudicada por 17.000 euros e consistiron na colocación dunha estrutura para poder acceder á pasarela situada no acantilado e que permite percorrer o sendeiro. Esta tarefa foi necesaria tralos derrubamentos que se produciron en xaneiro polas fortes e intensas chuvias e á erosión da mar. Segundo o alcalde, Jesús Novo, a actuación realizouse con carácter ur-

xente para que estivese totalmente rematada en xullo.

Trátase dunha solución provisional, posto que a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao traballa nun proxecto de carácter permanente. A Autoridade Portuaria Ferrol-S. Cibrao, a entidade con competencia na zona afectada, deseñou unha ponte colgante sen apoios intermedios e unicamente suxeitada no istmo e nun punto firme do camiño de entrada onde se colocarían bases de formigón.

## A Fundación Laboral da Construción organiza un curso de prevención de riscos laborais

A Fundación Laboral da Construción en colaboración co Concello do Vicedo organiza un curso de nivel básico de prevención en construción do 5 ao 18 de xullo. Este taller, de 60 horas de duración, celebrarase na casa da cultura do Vicedo e está destinado

a persoal traballador de concellos, alumnos/as traballadores obradoiros de emprego, persoas desempregadas e cidadáns en xeral interesados na acción formativa

A acción formativa dará lugar a expedición do Certificado Oficial

de Prevención de Riscos Laborais na Construción e non hai límite de prazas.

Os interesados deberán contactar co director do Obradoiro de Emprego ou chamar por teléfono a casa da cultura do Vicedo no teléfono 982 590 195.



**CINEDFEST.** O Concello do Vicedo quixo homenaxear aos nenos e nenas do CEIP do Vicedo polo premio no festival Cinedfest pola súa curtametraxe Desperta. Esta curta foi premiada por votación popular en Tenerife. Así, recibiron uns agasallos e o recoñecemento polo seu grande traballo por parte do rexedor Jesús Novo. Este proxecto ten como finalidade introducir a Linguaxe audiovisual na aula avaliando diferentes estándares de aprendizaxe expostos no currículo de Educación.

## Vegadeo acolle este verán uns obradoiros de robótica

Vegadeo acolle este verán uns obradoiros de robótica para nenos que inclúen programación, drons, impresión en 3D e realidade virtual.

Esta actividade enfocada ao coñecemento das novas tecnoloxías será no pavillón do recinto feiral todos os mércores de xullo e agosto de 10.00 a 12.00 horas e para nenos a partir de 5 anos. Haberá posibilidade de abrir unha segunda quenda de 12.00 a 14.00 horas.

Para participar será necesario anotarse chamando ao 686 061 534.

## Xa hai gañador do concurso de carteis do II Festival de Habaneira e Polifonía

A Asociación Musical Entre Ríos de Vegadeo, escolleu o gañador do concurso para a creación do cartel que será a imaxe do II Festival de Habaneira e Polifonía de Vegadeo.

O xurado seleccionou ao que por unanimidade considerou o mellor e dado que só concorreron tres candidatos, "queremos agradecer inmensamente o esforzo e o traballo desenvolvido en pos da mellor imaxe e proyección que este certame supón para nós como agrupación", dixerón. Así, o gañador foi César Núñez Álvarez coa súa obra Harmonía.



## Volven as actividades dos Mércores de natureza

Volven as actividades dos Mércores de natureza do Vicedo organizadas desde a casa da cultura. Así, os cativos poderán desfrutar da inmersión no medio natural e do bo tempo.

O 5 de xullo será a presentación das mesmas na praia de Area Longa e haberá kaiaks e tablas de paddle surf para ir por libre e ademais a un prezo máis económico. O 12 de xullo será a subida ao río Sor en kaiak dende o porto do Vicedo; o día 19 haberá unha ruta de sendeirismo entre a praia das

Catedrais e Ribadeo, ata alí irase en tren; e o 26 está programada unha Xeorruta co xeólogo Fran Canso polas inmediacións de Ponte Segade.

Ademais o vindeiro domingo 16 de xullo será a celebración da festa de Turismo Rural que é nas inmediación do parque eólico de Riobarba baixo unha carpa. Nesta festa haberá misa na honra de San Vicente de Francos, xantar, competicións ecuestres e haberá un espectáculo musical durante a vermú e máis e tamén pola noite.



# “Quero que o Mercado sexa de Interese Turístico de Galicia”

María José Fernández foi nomeada alcaldesa do Valadouro

María José Fernández Díaz, nada no Valadouro en 1971, é farmacéutica de profesión, e nas eleccións municipais volveu encabezar a candidatura de Udival e a pesar de ser a única elixida da lista, foi investida alcaldesa co apoio do PSOE e BNG. Xa nas eleccións municipais de 2007 foi candidata de TEGA ao concello do Valadouro e foi elixida concelleira. Nas de 2011 encabezou a candidatura de Udival e volveu ser elixida concelleira, repetindo no 2019.

**Foi a única concelleira electa de Udival, e finalmente acadou o bastón de mando do Valadouro.**

Eu estaba convencida de que non ía a apoiar a ninguén máis porque no seu momento xa traballei no tripartito. De non ser así meteríame de novo na oposición posto que antes de asinar un mal acordo prefería estar a marxe dun equipo de Goberno que ao final non me ía responder.

**Obtivo o apoio de BNG e PSOE. Foron duras as negociacións?**

As negociacións sempre teñen

altibaixos, sempre existen tiras e afrouxas, pero a nosa alternativa era esta, por que pola outra xa pasáramos e non queríamos volver repetir o mesmo.

**Como se sente?**

Estou moi contenta malia que nas primeiras semanas estiven un pouco desbordada polo traballo. Estou desexando que se repartan as áreas de traballo de cada concelleiro. Ademais eu non entendo que a política sexa un medio de vida, eu creo que a política é para servir ao pobo. Polo que gustaríame poñer un día á semana para escoitar aos veciños.

**Aterrou na Alcaldía case coa chegada do verán.**

Si, así foi, e moitas cousas da lexislatura anterior quedaron presas por fíos e agora ao chegar á Alcaldía atopeime algunhas tarefas e cousas que creo que non son de recibo.

**Por exemplo?**

Pois por exemplo o tema do Ludiverán ou da piscina, que non

estaba licitada e agora mesmo é imposible atopar socorristas. Estamos buscando alternativas pero o tempo aprema. Eu creo que son cousas que sen tempo son imposibles de manexar e incluso inasimilables. Esta falta de previsión desborda ao que chega. Así que pode haber servizos que se vexan minguados por estes motivos. O lóxico era que estiveran perfilados por non dicir xa contratados todos estes servizos, porque non se pode atopar socorristas debaixo dunha pedra a primeiros de xullo, estamos poñendo todo o noso empeño en solucionalo.

**Xa ten algún proxecto para O Valadouro?**

Eu teño moita gana de crear un centro de día. Un centro en condicións, que sexa máis grande que o que se vai abrir nestes meses, e que permita que os maiores conten cun lugar para actividades, para charlar e que sirva para axudar ás familias nesta tarefa de coidado. Viría moi ben para fixar poboación.



**Que problema ten este centro de día que se prevé abrir?**

Na miña opinión é un parche por que ten poucas prazas e non conta con servizo de cociña, só ten catering. A conselleira viu durante a campaña para dicir que a Xunta de Galicia colaboraría na apertura e que sería en menos de seis meses.

**Acaba de chegar á Alcaldía e atópase coa problemática do polígono industrial, non?**

Si. Pero acabo de aterrar polo que aínda teño que poñerme seriamente con este tema nas vindeiras semanas. Malia que o anterior Goberno díxonos que este tema depende da Xunta de Galicia, que está atascado alí polas modificacións das normas urbanísticas.

**E as vivendas cooperativas na**

**avenida da Veiga?**

Este tema non foi para adiante xa que crear este tipo de cooperativa é moi custoso e sen apoio monetario para a inversión base dos cooperativistas, é complicado nos tempos que corren. A nosa idea será crear vivendas sociais, que é moito máis práctico para as familias, e xa contamos co terreo.

**Ten algún proxecto ao que lle teña especial agarimo?**

Teño moita ilusión en que o Mercado de Primavera sexa declarado de Interese Turístico Galego. Para min este mercado é algo totalmente distinto a outras feiras e hai que ilo diferenciando collendo as súas orixes da Virxe Milagreira e da capela, de cando viña o cantar de cegos, etc. Esta historia é a que temos que ir unindo ao mercado.

## Comezan as obras na estrada que une As Rodrigas e o Marco de Álvare



A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de mellora da estrada provincial LU-P-5501, que une As Rodrigas con Marco de Álvare, ao seu paso por Riotorto. Unhas obras adxudicadas á empresa Grupo Bascuas 2008 SL por preto de 42.000€.

Os traballos consisten na aper-

tura das cunetas e no aglomerado en quente onde a vía presenta desperfectos, ademais de renovar a sinalización co fin de aumentar a seguridade vial. As actuacións desenvolveranse no treito comprendido entre os puntos quilométricos 1,6 e 8, e o prazo de execución destas actuacións é dun mes.

## Xa hai gañadores do certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz

O colectivo cultural Avelino Díaz vén de facer público o resultado dos gañadores da sexta edición do Certame de Debuxo e Poesía do mesmo nome, convocado por los concellos de Meira e Riotorto.

A convocatoria estivo dividida en varias categorías. Entre os máis pequenos, de 3 a 8 anos, a disciplina foi o debuxo e a vencedora foi Mara Campos Nogueira con *Mosaico de Avelino*, seguida de Hafsa Rezkaoui, por *Avelino*, e Daniela Pirata, e Erik Arredondo Marín, con *O barco de Avelino*. Dende a organización tamén se concedeu un acésit a Xiana Paz Val por *Primavera en Meira II*.

En poesía, na categoría de 9 a 12 anos, o traballo *Pronto rompera a cadea* de Guillermo



Quintero foi a gañadora á que acompañaron *Que é a familia?*, de Alexandra López Álvarez, e *A miña aldea*, de Alejandro Reigosa Ramallal.

Na categoría C, de 13 a 17 anos, tan só houbo un premio, para



Rut Busto Domíngue por *Respiro, respira*.

O xurado estivo formado por Xosé Otero Canto, Silvina Gallo Gabín e Natalia Lema Otero con Agustín Méndez Moirón como secretario.



# “O obxectivo é que o noso rural e a nosa parroquia sigan vivos”

Mari Carmen Rivera Vidal é a voceira da organización do Festival Aturuxo

A parroquia de Bravos acollerá unha nova edición do Festival Aturuxo o 28 e 29 de xullo onde todos os asistentes poderán gozar coa mellor música folk do momento.

## Este ano volve o festival Aturuxo, cantas edicións van?

Pois si, volve o Aturuxo como todos os anos e si cabe con máis forza. Imos xa pola XI edición, coa pausa inevitable do ano da pandemia e con moita sorte de tan só ter que saltarnos un ano polo medio, posto que a pesar de todo, no ano 2021 fixemos a novena edición con moitas restricións pero fíxose, así que xa van 11 anos!

## A edición deste ano apostará por un cartel igual de completo como o da edición anterior?

Si, máis ou menos imos na mesma liña. Na edición anterior cumprimos os 10 anos e aí si que quixemos facer algo un pouco máis especial, darlle un formato máis de festival pero sempre sen perder a esencia do que pretendemos conseguir, que sexa interxeracional. Así que se pode dicir que vai igual de completo, intentando sempre mellorar cousas, e sempre pensando en que todas as idades poidan desfrutalo. Esa é sempre a nosa premisa. En canto a tipos de música, pois seguiremos na liña de que haxa para todos os gustos. Arrancam os venres moi festeiro con Mekanika Rolling Band, o sábado teremos unha sesión vermú na que troublearemos coa Charanga Alxibeira, e xa pola noite darémolles lume con Airiños da Freba, Pauliña, García MC & Na-

ción Quilombo, e remataremos forte con Arrythmia, e para que ninguén se nos despiste entre cambio de grupos, a Charanga Alxibeira andará polo medio do festival encargándose de facernos bailar.

## Onde será o evento?

En iso non imos cambiar nada. Será coma sempre no adro da igrexa, que é unha contorna marabillosa, e onde ademais dispoñemos dos servizos e comodidades de todos estes anos.

## Que novidades haberá?

A que máis destaca sería a nosa feira de artesanía, que o ano pasado puxemos en marcha, e parece que este ano xa a xente se anima polo que teremos máis postos e máis diversos, aínda que sabemos que para os artesáns é difícil elixir, posto que son datas nas que hai moitas feiras. Sei que esta gustando o formato e as condicións que poñemos e por iso xa contamos cos que repiten e con algúns máis. Tamén aproveito para dicir que aínda nos queda algún posto libre por si alguén quere sumarse. Sen dúbida é un gran atractivo tamén para os asistentes. Outra novidade que vén do ano pasado é a competición aberta de billarda. Tivo un gran éxito o ano pasado e por suposto repetímolos xa con máis experiencia, e cun campo máis acondicionado, tamén os xogos tradicionais para que nenos e grandes poidan desfrutar o día sen que ninguén teña un segundo para aburrirse.

## Hai espazo para acampada?

Pois este ano volvemos contar

coas dúas cousas. A acampada libre como todos os anos pois cada vez ten máis demanda, e o cal nos obriga a mudala de sitio. Ademais intentamos que dentro das nosas posibilidades estean o máis cómodos posibles. Tamén hai zona de caravanas e furgonetas.

## Contará con sistema de transporte dende outras vilas?

Como se vén facendo dende hai uns anos, haberá autobuses dende Viveiro con algunhas paradas no traxecto (Viveiro Estación de Autobuses, fonte de Xunqueira, ponte de Landrove, casa Eladio en Galdo, e festival Aturuxo) e para regresar as mesmas paradas, pero os horarios aínda poden sufrir algún cambio, aínda que previsiblemente haberá un pola mañá que sairá da estación as 11.30 horas e volverá dende o festival as 15.00 horas para que a xente poida desfrutar da sesión vermú e do bo xantar, a partir de aí as saídas da estación de Viveiro serán ás 16.30, 20.00, 22.00 e 00.00 horas. A volta os buses sairán do recinto do festival ás 19.00, 21.30., 23.30 e 4.00 horas. Os horarios aínda están sen determinar pero será unha aproximación a estes.

## E taxis adaptados, non?

Si, tamén están os taxis adaptados de Viveiro que fan un prezo especial para aquelas persoas que teñan algún tipo de problema de mobilidade, intentamos que todo o mundo poida desfrutar o noso festival, e aproveito para dicir que todo o recinto esta adaptado a calquera tipo de discapacidade e que tamén



temos interpretes de linguaxe de signos, interprete de inglés e francés, e que non hai desculpa para non achegarse a dar unha volta polo festival.

## Para comer algo, haberá postos?

Por suposto. Durante todo o día e toda a noite dende o venres as 20.00 horas que comeza o festival ata que remate na madrugada do sábado-domingo as cociñas non pechan. E o máis importante é que son prezos populares. O venres teremos as racións de paella popular que xa quedou instaurada fai uns anos, e o sábado haberá as racións de callos e xamón cocido para xantar ademais do típico de todos os festivais, bocadillos, hamburguesas, etc.

## Cal é o obxectivo do Festival Aturuxo?

O obxectivo é algo que está claro dende que se empezou a organizar, e é que o noso rural, que a nosa parroquia, siga viva. Que a nosa xente, os nosos veciños que están con nós todo o ano teñan un día de festa inesquecible, e que a xente de fora poda coñecer os encantos do rural. Tamén demostrar que este tipo de eventos teñen cabida no rural, que non todo ten que estar concentrado nas cidades, contamos con aparcamentos, transporte, boa música, bo

ambiente e como se soe dicir, e por suposto a principal finalidade é que poida ser familiar, que podan desfrutar todos dun día moi especial, a conciliación familiar non ten que ser só nos traballos, tamén ten que ser neste tipo de cousas.

## Volverá o punto lila?

Si, contaremos como no ano anterior cun punto lila e tamén con seguridade privada, ademais de como todos os anos anteriores estará presente Protección Civil, pois queremos que por riba de todo siga sendo un festival onde os nenos poidan correr libres, os mozos podan divertirse, onde os pais podan desfrutar tranquilos sabendo que ningún membro da súa familia estará en apuros e onde os avós teñan o seu espazo de divertimento.

## Buscan axuda para a realización?

A axuda sempre é benvida, e para que todo iso sexa posible precisamos xente voluntaria. Como xa fixemos o ano pasado puxemos nas redes un espazo para que todo aquel que queira ver un festival dende outra perspectiva e queira botarnos unha man, se anote como voluntario. Hai moi diversos postos que cubrir e serán benvidos en calquera deles.






# COLABORACIÓN

## Un “sir” que lle costou ser

### CULTURA



Rebeca Maseda

**S**ir Edward Elgar (1857-1934) estaba no auge da súa carreira cando a Sociedade Filarmónica de Londres lle encargou o Concerto para Violín en 1909. A obra estaba dedicada a Fritz Kreisler, o violinista de fama internacional que foi o solista na súa primeira actuación. Porén, a partitura tamén leva a inscrición: “Aquí está consagrada a alma de...”, cita da novela ‘Gil Blas’ de Lesage que está amplamente aceptada como unha referencia a Alice Stuart-Wortley, unha amiga íntima á que alcumou ‘Windflower’ e recoñecida xeralmente como a inspiración de Elgar para a citada obra.

A peza é longa para ser un concerto para violín, pero sen embargo, convincente e non esaxerada. Non contén nada da pomposidade e fachenda que poderíamos atopar en moitas das obras de

Elgar e que algúns críticos consideran perturbadoras e bastante desagradables. O Concerto está firmemente asentado no repertorio clásico aínda que non se interpreta con frecuencia, dada a súa complexidade -tanto para o violín solista como para a orquestra- e longa duración. Hai un nome de obrigada mención se falamos desta obra: Yehudi Menuhin. Os “nenos prodixio” son sempre unha rareza, a excepción en todas as artes, pero na música parecen darse por enriba da media que existe, por exemplo, nas matemáticas ou o xadrez. Menuhin -con 16 anos- e o propio Edward Elgar -con 70 xa cumpridos- uníronse en 1932 para gravar o concerto para violín deste último. O intérprete atopábase ao comezo da súa carreira, o compositor era unha lenda viva e o rexistro que realizaron desta obra, unha das máis difíciles

do repertorio romántico para este instrumento, permaneceu dispoñible desde principios dos anos trinta do século pasado en calquera tenda de discos clásicos “seria” de Oslo a Bos Aires e de Tokio a San Francisco. Nunha época

na que as gravacións compiten unhas coas outras para ver cal é máis aséptica e “sen fallos”, é refrescante escoitar este disco que, a pesar de ser remasterizado varias veces, segue soando deliciosamente antigo e perfecto na súa imperfección. Como curiosidade pode anotarse tamén que a discográfica que realizou o rexistrou foi EMI, que acababa de fundarse meses antes, en 1931. EMI contou con Menuhin en nómina durante 70 anos, o contrato discográfico máis lonxevo da historia da música polo momento.



Foi precisamente coa San Francisco Symphony cando debutou Menuhin con 7 anos. Aos 13 estreouse coa Filarmónica de Berlín dirixida por Bruno Walter, quen pasou do escepticismo ao entusiasmo co novo neno prodixio dos Estados Unidos en cuestión de segundos cando lle escoitou interpretar o inicio do con-

certo de Beethoven nunha habitación de hotel de Berlín tocando el mesmo a parte orquestral ao piano. A mesma sintonía debeu reinar entre o pequeno Menuhin e o veterano Elgar xa que as sesións de gravación foron tan ben que a última delas foi cancelada polo propio compositor, que levou ao mozo violinista a pasar un día nas carreiras de cabalos. Maior relevo adquire este feito se se lembra que de todas as súas composicións, Elgar sempre amou especialmente a súa Opus 61, que nunca deixou de ser interpretada mesmo cando a popularidade do compositor decaeu incompreensiblemente nos anos cincuenta. El mesmo tocaba o violín desde a súa humilde infancia de neno católico nunha Inglaterra que nunca terminou de velo con bos ollos, como a un dos seus, ata moitos anos despois. Para decatarse que lugar ocupaba esta obra no seu corazón, basta sinalar que en certa ocasión confesou que lle gustaría que gravasen o tema do “nobilmente” do Andante do Concerto para Violín na súa tumba...

## Tarefas de verán, si ou non?

### O PUPITRE



Julio Díaz

**N**ada na vida é cuestión de Si ou Non, senón de matices. As tarefas de verán non son una excepción.

Cando nun asunto están implicados moitos axentes, vólvese controvertido e non sempre coinciden as opinións. Iso pasa tamén coa realización das tarefas escolares no verán. Repercute nos rapaces, que son os que teñen que realizalas; nos docentes, si son eles os que as asignan, e nos pais que son os que teñen que implicalos e supervisar que se realizan.

É moi fácil percibir ao remate do curso escolar o enorme cansancio e o desgaste sufrido ao longo do mesmo. Sempre recordo a frase que un bo amigo me repite un día si e outro tamén, “non cres que sobrecargamos aos nosos chavales de tarefas e de acti-

vidades, algún ten unha axenda máis apretada que a do presidente do goberno”; i é certo, por iso os rapaces no verán deben desconectar, facer outro tipo de actividades lúdicas e de ocio (artísticas, deportivas, culturais, musicais..), e neste mundo cada día máis individualizado e invadido polas “maquinitas” deben aproveitar para relacionarse con outros iguais, visitar amigos e familiares, xogar, saltar, brincar... completar en si o seu desenrolo persoal, cousa arto difícil durante o curso escolar.

Os nosos rapaces, ao igual cos adultos, precisan de tempo libre e facer de cando en vez un “Kit-Kat” de todo o que supón o traballo realizado ao longo dos interminables cursos escolares.

Cando dan comezo as vacacións o que máis desexan “e deixar a rutina do día a día, as tarefas escolares, o traballo e actividades que ocupan milimetricamente o seu quefacer diario durante moitos e moitos meses, como se de un autómatas se tratase, e por iso

debemos compensalos. Dito isto, aproveitar para remarcar que tampouco supón que non se poida avanzar ou reforzar coñece-



mentos, xa que existen diferentes maneiras de aprender, aproveitando actividades ao aire libre, realizando tarefas domésticas, en servizos comunitarios, en com-

partir tempo en familia, en viaxes, excursións...Atopar o equilibrio entre realizar algunha tarefa no verán e descansar é o fundamen-

tal para acadar un desenrolo saudable dos nosos rapaces. É crucial recoñecer a importancia do tempo libre e do descanso para o seu benestar xeral.

As nenas e os nenos, ao igual que nosoutros, precisan descanso, desconectar das rutinas do curso e divertirse. As vacacións de verán son para os adultos unha etapa de desconexión e deben selo tamén para os seus fillos. Imaxínades por un intre, que cando collas as túas vacacións o teu xefe che diga: “oe fulanito, para non desconectar de todo imos adicar un par de horas, polas mañás, para poñernos ao día da marcha da empresa e así non perdes hábitos de traballo, de 10H a 12H facemos unha “video” e estamos ao tanto de todo”. Gustaríache? Pois a eles tampouco.

Dito todo isto, e sabendo que teñen todo o tempo do mundo por diante, non deben tampouco estar aparcados todo o día co móbil, a tablet ou a videoconsola. O verán ten que servir tamén para desentosicarse un pouquiño dos dispositivos electrónicos e interactuar cos seus, cos amigos, voltando ao contacto humano tan necesario neste mundo individualista no que nos toca vivir.



# DEPUTACIÓN

## Constituído o Goberno provincial con José Tomé de novo á fronte

Xa está constituída a Corporación da Diputación de Lugo logo de que todos os deputados xuraran o seu cargo. Actuaron como mestres de cerimonia o maior, José Pardo Lombao, e o máis novo, Iván Castro.

O PP, como partido máis votado, propuxo como candidato para presidir a institución provincial a Antonio Ameijide, mentres que PSOE presentou a José Tomé Roca e o BNG renunciou a elevar un candidato propio. Trala votación, na que o PSOE contou co esperado apoio do BNG, José Tomé Roca foi nomeado novo presidente.

O PSdeG e o BNG acadaron un acordo marco para facilitar a constitución e a conformación de gobernos compartidos nas Deputacións Provinciais de Lugo e A Coruña. Así figura nun documento pechado entre as direccións das dúas formacións políticas e asinado polo secretario de Organización dos socialistas galegos, José Manuel Lage, e o representante da área de Organización do Bloque, Bieito Lobeira.

Neste sentido, ambas forzas reiteran o seu compromiso coa “desaparición de todo tipo de arbitrariedade, discriminación ou favoritismo” e reafirman que o obxectivo da súa acción de goberno desde os entes provinciais é “garantir a igualdade de servizos básicos para a toda a poboación”.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, dará “un novo impulso ó proxecto de progreso social e económico que temos para a provincia, consolidando para elo a coope-



ración cos concellos como elemento vertebrador de todas as nosas políticas. A Deputación é o Concello dos Concellos. Esta é a miña máxima. Por iso, traballaremos cada día para que esta institución sexa o máis útil posible a cada un dos 67 concellos de Lugo, porque esta é a mellor maneira de ser útiles ós 323.989 veciños e veciñas da nosa provincia, e asegúrolles que os datos demostran que somos útiles”. Así o subliñou José Tomé na súa toma de posesión do cargo durante o Pleno de constitución da nova Corporación provincial, un acto que encheu o Salón de Plenos do Pazo de San Marcos.

Tras un primeiro mandato no que “recuperamos a estabilidade da institución, afrontamos retos inimaxinables naquel momento como a pandemia dándolle asistencia ós concellos e despregamos un ritmo de xestión e execución constante e moi elevado, cunha media do 85% de execución do Orzamento de gasto, o meu compromiso de cara o futuro é facelo aínda mellor”, subliñou o presidente.

### OS DEPUTADOS

#### PSOE

José Tomé Roca, María del Pilar García Porto, Carlos López López, Miguel Fernández Méndez, Pablo Rivera Capón, José María Arias Fernández, Iván Castro Díaz, Mayra García Bermúdez, Francisco Cajoto Caserío e Mari-sol Morandeira Morandeira.

#### PP

Antonio Ameijide, Carmen José López, Demetrio Salgueiro, José Pardo Lombao, Francisco Javier Balado, José Ángel Santos, Jesús Núñez, Javier Varela, José María Fernández, Clemente Iglesias, Armando Castosa e Luis Fernández Guitián.

#### BNG

Efrén Castro Caloto, Iria Castro Fernández e Daniel García Fernández.

## Convenio cos concellos para a súa dixitalización

A Xunta de Goberno en funcións da Deputación aprobou un convenio tipo para que os concellos da provincia se adhiran co fin de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local.

“Dende a Deputación temos feita unha análise inicial sobre cales son as liñas sobre as que traballar, pero queremos que os propios concellos manifesten as súas prioridades máis inmediatas en materia de dixitalización”, detallou a Deputada. Para iso, explicou que se desprazará persoal técnico aos diferentes municipios para coñecer da súa man o punto de partida que hai en cada un de-

les para logo poder darlle resposta cos fondos que cheguen, “que serán repartidos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, concretou García Porto.

No marco deste proxecto, desenvolveranse, entre outras, actuacións para integrar a administración electrónica dos concellos cos servizos da Administración Xeral do Estado, implantar postos de traballo intelixentes que permitan mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia, ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs municipais, aumentando así a transparencia dos concellos.

## Axudas para trinta ganderías da provincia

O BOP publicou a resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de boas prácticas de silvopastoreo do programa O que non arde, dirixido a gandeirías de ovino, cabrún e porcino.

Unha trintena de gandeirías recibirán as axudas para financiar a instalación e mantemento de peches perimetrais que protexan o gando da fauna salvaxe e outros elementos para a alimentación e o manexo do gando en extensivo. As achegas, que oscilan en función da puntuación nos criterios establecidos, alcanzan

na maioría dos casos os 2.500 euros, a contía máxima asignada por solicitante.

Medio Rural destinou 60.000 euros a esta cuarta edición do programa, que o pasado mes de outubro foi recoñecido como o mellor proxecto de apoio a gandeiría extensiva desenvolvido por unha Deputación a nivel estatal, pola onegué internacional WWF Adena. O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación de Lugo en relación coa prevención de incendios e a xestión integral do monte.

## A Deputación establece unha canle de denuncias contra a corrupción

A Deputación pon a disposición dos concellos, de xeito gratuíto, a ferramenta de información que esixe a Unión Europea sobre infraccións normativas e loita contra a corrupción, que presentaron nunha xornada.

“Ofrecemos información aos concellos sobre como poden activar a Canle de Denuncias, como é o proceso para realizar comunicacións ou como xestionalo”, asegurou o deputado, quen tamén deu conta aos representantes municipais do convenio tipo que aprobou para que os concellos se adhiran co fin

de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local. Uns fondos que servirán para mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs dos concellos.

Á xornada asistiron representantes dos concellos de Antas de Ulla, Baleira, Baralla, O Incio, Láncara, Palas de Rei, O Páramo, Pedrafita do Cebre-

ro, A Pontenova, Ribas de Sil e Xermade. Un técnico explicoulles que, en cumprimento do establecido na Lei da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Deputación implantou xa este sistema interno de información e que servirá para que os cidadáns poidan informar sobre infraccións penais ou administrativas.

Na páxina web xa se pode acceder a información relevante sobre a Canle de Denuncias, o responsable do sistema, os dereitos do informante e a política de protección de datos.



**RESIDENCIAS.** A Deputación de Lugo expuxo o seu modelo de residencias na primeira edición das Xornadas de Transferencia e Investigación organizadas pola Escola Politécnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, dedicadas ao uso das tecnoloxías no ámbito xerontolóxico rural e urbano. Rivera Capón destacou “as infinitas posibilidades que as novas tecnoloxías, a automatización e a intelixencia emocional abren no eido do benestar e dos cuidados ós nosos maiores”.



## A FONDO

# Unha linguaxe case universal

José Montes é o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, quen nos amosa a súa visión desta sinalización

O pasado 2 de xaneiro entrou en vigor o proxecto do Real Decreto para modificar e actualizar o Regulamento Xeral da Circulación, que inclúe a modificación, actualización e renovación de sinais de tráfico, co fin de adaptarse ás novas circunstancias de mobilidade e das sociedades das cidades actuais, nas que peóns e vehículos teñen que convivir, cada vez máis, en harmonía.

Así, eliminaranse sinais que a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) considera inservibles, actualizaranse outras cambiando de deseño ou de topografía e incorporaranse tamén algunhas sinais que ata o de agora non estaban presentes nas diferentes vías de circulación pero que agora, cos novos cambios sociais, son necesarias.

Unha das novidades desta iniciativa é que a nova sinalización ampliará o seu campo de actuación, estendendo estas a toda a rede de estradas do país, mentres que cumpre o obxectivo de mellorar a seguridade dos usuarios nas vías, así como facilitar a visibilidade e a comprensión das mensaxes das sinais.

Estes cambios non se introducirán aínda, xa que entrou en vigor o proxecto do Real Decreto, pero aínda non se aprobou o cambio do Regulamento Xeral da Circulación, que se leva a cabo a través dunha lei orgánica. Cando se aprobe e se publique esa lei orgánica no Boletín Oficial do Estado, ademais, tardará tres meses en entrar en vigor, tal e como defende José Montes, presidente da Asociación Galega de Autoescolas (Agada) desde novembro de 2021.

Nesta asociación, o obxectivo, tal e como explica o lugués Montes, “é defender os intereses comúns das autoescolas e, no día a día, é estar en contacto coas xefaturas provinciais de tráfico para comunicarlles os cambios que hai”. Na súa opinión, é algo “positivo que se actualicen os sinais”, xa que “se se actualizan as normas, téñense que actualizar tamén as sinais, que sempre quedaron nun segundo plano e hai algunhas antigüísimas, como o sinal do paso a nivel con barreiras, que a cancela que aparece aí, hoxe en día, non ten sentido”, argumentou.

## VIDA DOS LUGUESES

Segundo o presidente da Asociación Galega de Autoescolas, “todos os cambios son para ben” no caso desta renovación das sinais de tráfico, pero hai algunhas que destacou. Por exemplo, a do xabaril, xa que ese animal “está por todos lados en Galicia e é moi importante que se saiba nos tramos onde hai máis, aínda que nunca é suficiente”, defendeu José Montes.

Por outra parte, comenta que en Lugo cidade está moi á orde do día o sinal dos patinetes eléctricos, así como o resto de sinais que se refiren a este vehículo e á bicicleta, como a do carril bici, que “agora temos un en Lugo e é importante sinalalo”, comenta. “Cada vez hai máis carril bici e a min paréceme ben porque é un vehículo alternativo que contamina menos e que ademais é moi saudable”.

Como novidade, o sinal R-120 indica o acceso a Zonas de Baixas Emisións, que se programou para cidades de máis de 50.000 habitantes, polo que Lugo será a única localización da provincia que se aterá a esta nova estrutura de circulación. Así, será o recinto interior da Muralla o que prohibirá o paso a coches que non leven a etiqueta B, C, ECO ou 0 Emisións. “A intención é que as cidades teñan menos contaminación, polo

## Os sinais novos e actualizados serán unha realidade nas cidades e nas vidas dos condutores e peóns

que me parece ben, os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio”, explicou José Montes. No caso de non ter esta etiqueta e entrar no casco histórico lucense, os condutores poderán ser multados cunha sanción de 200 euros.

## SINAIS NECESARIOS

Cada lugar, xa sexa cidade, vila ou aldea, ten a sinalización que lle corresponde segundo as necesi-



dades da sociedade que vive nela, xa que non é o mesmo entrar na parroquia de Ponte de Lúzara en Samos que en Viveiro, polo que a sinalización para a boa circulación de vehículos en convivencia cos peóns depende do tipo de vida das súas xentes.

No caso de Lugo cidade, hai moitas sinais que determinan o tráfico, pero, segundo a opinión do presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes, Lugo necesitaría rotondas sinaladas, é dicir, as famosas turborrotondas, xa que as rotondas en Lugo “son un gran problema”, tal e como apuntan moitos habitantes e sinala o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes.

Alguns apuntan ao mal uso que se fai delas por descoñecemento, por falta de interese, por falta de civismo... pero Montes apunta a que a Lugo as rotondas chegaron máis tarde que a outros lugares, polo que “ese feito acrecentou a problemática do mal uso das mesmas”.

Así, apunta a que é “sinxelo, aín-

da que ás veces a xente non interpreta ben as cousas”, di con respecto a que non saen ben da rotonda. Explica que, “fóra de poboado, circúlase pola dereita, e se é dentro, poderías circular indistintamente, pero nunca podes saír do carril esquerdo cara a saída da dereita. A rotonda é redonda, pero se collemos unha tixola e cortamos a rotonda e facémola unha vía recta, a ninguén se lle ocorrería ir circulando pola esquerda e querer saír desde aí a unha saída pola dereita. Nunca podes saír de dentro para fóra. Se vas utilizando o carril da esquerda adiantando e ves que vén a túa saída, das outra volta”, argumenta.

Por todo isto, Montes cre que unha forma de solucionar o problema sería instaurar en zonas concretas de Lugo que suman varios accidentes ao ano, como as do alto de Garabolos, as rotondas sinaladas horizontalmente e cun sinal vertical específica destas glosietas, que xa están implantadas en outras cidades galegas, como Vigo.

“A intención é que as cidades teñan menos contaminación.

Os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio”



# Novas necesidades, novos sinais

A Dirección Xeral de Tráfico, DXT, introduce novos sinais de tráfico e moitos deles están dedicados aos novos vehículos que tamén deixarán de ser visibles varios sinais das vías de circulación. No caso das que se actualizarán, son por motivos como son as bicicletas e os patinetes eléctricos, mentres outros de tamaño, tipografías ou inclusión.



O cambio na sinalización da circulación, tal e como explica Ana Blanco, subdirectora adxunta de Circulación na DXT, ten como finalidade adaptarse á mobilidade de hoxe, adecuando aspectos de sinalización a cambios no ámbito da mobilidade, sobre todo con respecto ás modificacións da tecnoloxía dos vehículos, como os patinetes eléctricos, presentes xa asiduamente na nosa vida. Ademais, esta sinalización tamén ten como obxectivo mellorar a comprensión das sinais por parte de todos os usuarios das vías

para garantir a seguridade viaria e os desprazamentos eficientes. Desta maneira, “a sinalización será o instrumento básico para a seguridade viaria, de forma que transmita información de forma sinxela sen xerar mensaxes ou significados confusos”, como sinalan os principios da Convención de Viena. Por último, outro obxectivo que ten este novo cambio é unificar a sinalización urbana, xa que anteriormente cada cidade tiña aprobada unhas sinais, é dicir, cando un responsable autonómico vía

unha necesidade de sinalización no seu lugar de actuación, idealmente un sinal propia e distinta a doutros municipios. En total, a Dirección Xeral de Tráfico introduce arredor de 130 modificacións, que se refiren a introducións de novas sinais, actualizacións de sinais en canto á súa tipografía, tamaño e deseño; e tamén desaparecen algunhas sinais. Aquí trataremos as máis novas e as que formarán parte da nosa vida diariamente. Estas sinais verticais que aparecen novas, desaparecen ou cam-

bian convivirán, probablemente, con sinais horizontais que quizais, durante un tempo non se corresponden coa novidade, polo que, en caso de atopar un sinal vertical e un sinal horizontal no mesmo lugar, ¿a quen debemos facerlle caso? A orde de prioridade entre sinais é a seguinte: os axentes da autoridade responsables do tráfico están na cúspide da orde da circulación, polo que se hai un axente indicando algo contradictorio a un sinal vertical ou horizontal, deberáselle facer caso á

autoridade. En segundo lugar, as sinais que máis mandan son as circunstanciais ou de balizamento, que indican unha orde temporal por causas xustificadas, como as dunha obra. En terceiro lugar, están os semáforos e, despois, as sinais verticais, ás que debemos atender antes das horizontais ou tamén chamadas marcas viarias, que están por debaixo en prioridade das verticais, son as últimas ás que debemos atender, aínda que, se son as únicas, é imperativo cumprir o seu mandato.

## Algúns dos novos sinais:

- **S-1b**, indica o principio dunha estrada con varios carrís.
- **Sinal S-1c**, sinala o principio dunha estrada 2+1, é dicir, a que consta de tres carrís de circulación e permite a circulación en ámbolos dous sentidos.
- **S-45**, mostra que hai un carril bici nunha zona urbana.
- **S-46**, sinala un paso de peóns compartido con ciclistas.
- **R-118**, prohibe a circulación de patinetes eléctricos.
- **R-119**, non permite a circulación de patinetes eléctricos e bicicletas.
- **R-120**, indica unha Zona de Baixas Emisións (ZBE) para prohibir a entrada e circulación a vehículos en función do seu distintivo ambiental (B, C, ECO ou 0 Emisións).
- **R-420**, apunta a unha vía reservada para patinetes eléctricos e os usuarios destes vehículos deben circular por ela.
- **R-421**, ordena aos patinetes eléctricos e ás bicicletas súa circulación por ela de maneira compartida.
- **R-422**, obriga aos condutores dun vehículo de mobilidade persoal, patinetes eléctricos, bicicletas ou monociclos, a baixarse e andar ata que a sinal se anule.

- **Sinal P-1**, avisa dun perigo pola proximidade dun tramo no que existen varios accesos directos á vía.
- **Sinal P-20c**, indica a presenza dun paso para peóns e ciclistas.
- **Sinal S-63b**, sinala unha bifurcación no centro dunha calzada de tres carrís do mesmo sentido, dando lugar a catro carrís, dous do lado esquerdo e dous do lado dereito para que os condutores poidan situarse con antelación no carril máis axeitado ao seu destino.

## Algúns dos que cambian de deseño:

- **STOP**, cambia a súa tipografía para aparecer máis grande e así mellorar a visibilidade.
- **P-8**, anuncia un paso a nivel sen barreiras e cun deseño máis moderno da locomotora.
- **P-20a**, indica a proximidade dun paso de peóns nunha sinal triangular vermella.
- **P-21**, indica perigo por proximidade dun lugar frecuentado por nenos, na que a sinal puxo á figura feminina por diante do neno, como garante de igualdade.
- **P-21b**, indica perigo por proximidade de zona na que circulan persoas maiores, e neste caso é o mesmo que a anterior, cambia a orde de colocación das persoas, pasando a figura feminina adiante e a masculina

- na detrás.
- **P-22a**, mostra un paso para ciclistas e alerta da existencia de perigo.
- **P-24a**, refírese á presenza de animais na calzada, que antes estaba representada cun cervo e agora cambiouse a un xabaril por ser o animal que máis aparece nesas zonas.
- **P-33**, indica un tramo de visibilidade reducida, unha sinal na que se verá un coche penetrándose en zona de visibilidade reducida.
- **P-35**, advirte da proximidade unha bifurcación na que os vehículos cruzan as súas traxectorias.
- **Sinal S-47**, indica unha zona de circulación que está destinada en primeiro lugar aos peóns e na que se as normas de velocidade máxima de vehículos de 20 km/h, a circulación será compartida entre vehículos, ciclistas e peóns, pero estes últimos teñen prioridade; e os xogos y deportes non están autorizados.
- **Sinal S-992e**, informa da distancia mínima entre vehículos que hai que manter mediante balizas luminosas nun tramo onde se perde a visibilidade.

## Algúns dos que desaparecen:

- **R-308a**, prohibía estacionar os días impares.
- **R-308b**: prohibía estacionar os días pares.



## MAR



## A app para reducir as interaccións con candorcas rexistrou 150 avistamentos

A aplicación móbil Orcinus, impulsada polo Goberno galego xunto co Bottlenose Dolphin Research Institute (BDRI) do Grove para apoiar a seguridade na navegación e reducir as interaccións coas candorcas rexistrou 150 avistamentos destes animais en apenas medio ano de funcionamento. Así o detallaron e deron conta dos resultados desta ferramenta na primeira metade deste ano e que son froito do seguimento realizado por BDRI, entidade encargada de desvolvela e xestionala.

Explicaron que se rexistraron na aplicación máis de 2.700 usuarios pertencentes a preto de 40 países diferentes. Ao mesmo tempo salientou que todas estas xeolocalizacións das candorcas trasladadas polos navegantes se sitúan ao sur de Lisboa.

Isto débese á propia dinámica de movemento das colonias destes cetáceos, que nos meses de inverno se sitúan en zonas máis próxi-

mas ao Estreito de Xibraltar pola procura de alimento e non adoitán desprazarse á costa de Galicia ata os meses estivais, como ocorreu cos avistamentos e interaccións rexistradas nos últimos exercicios.

Destacaron ademais algunhas das melloras realizadas na aplicación ou novas funcionalidades que facilitan o seu uso froito das suxestións dos usuarios. Entre elas, incrementouse de 50 a 100 quilómetros o radio máximo para recibir notificacións de presenza de candorcas e desenvóléronse melloras para facer compatible a aplicación con varios sistemas operativos de telefonía móbil utilizados tamén noutros países.

En canto á utilidade de Orcinus, está a ser empregada por unha grande parte de grupos de investigación que levan a cabo mostraxes sobre candorcas, tanto en Galicia como en Portugal e no Estreito de Xibraltar.


## Atopada porcelana chinesa no barco do Galeón San Giacomo

En marcha unha nova campaña arqueolóxica no casco do Galeón San Giacomo di Galizia, en Ribadeo, para dar continuidade aos estudos iniciados en 2018 e avanzar no coñecemento da construción naval da Coroa Española do século XVI en colaboración co Concello e o Náutico de Ribadeo.

O obxectivo da campaña é continuar nos traballos na parte central do buque e sondar o perfil transversal de babor da embarcación. Ademais, continuarase coa monitorización da avaliación do barco, actualmente cuberto de área aportada pola dinámica costeira. O proxecto complétase coa documentación do estado das pezas que constitúen a estrutura do barco e o avance nos traballos de rexistro e documentación dos restos visíbeis. Polo momento atopáronse restos de porcelana chinesa.

Este traballo, promovido e financiado pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, conta coa colaboración de investigadores da Universidade Nova de Lisboa, da Universidade de Southampton, da Unidade de Buceo da Armada de Ferrol (UBUFER) e do Grupo Operativo de actividades subacuáticas da Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, todo o equipo técnico estará liderado polo arqueólogo Miguel San Claudio.

**ESPECIALISTAS.** O barco San Giacomo é un dos grandes xacementos localizados até o momento da súa época e, estes últimos anos, está a achegar unha importante informa-



ción arqueolóxica sobre a construción naval da Coroa do século XVI. Neste sentido, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia impulsou un investimento total de case 60.000€ campañas arqueolóxicas nos anos 2018, 2019 e 2020 coa colaboración dun equipo internacional entre os que, ademais de especialistas da Unidade de Buceo da Armada Española e do Instituto of Nautical Archeology de Texas, destacan expertos do CSIC, da University of Wales Trinity Saint David, do Maritime Archaeology ou doutras insti-

tucións como a Federación Galega de Actividades Subacuáticas, a Real Liga Naval Española ou o Real Club Náutico de Ribadeo.

O avance destas últimas campañas permitiron constatar que se conserva preto dun 20% da estrutura da cuberta ao longo da eslora no costado de babor, localizar unha carruaxe naval, un elemento novidoso en España que consiste nun tipo de carro para montar as pezas de artillería, e rescatar unha gran cantidade de munición de pedra e ferro, enxoval e elementos de cerámica.

## O Saíñas portará a imaxe da Virxe do Carmen na procesión de Celeiro

O buque arrastreiro de litoral Saíñas, de firma Pesqueiras Muínelo SL, será o encargado de portar a imaxe da Virxe do Carmen na LXXI edición da procesión marítima de Celeiro.

A Virxe do Carmen é a patroa dos mariñeiros e o Saíñas cumprirá cunha tradición e un raizame que data do ano 1951 cando a embarcación denominada Mariña Número Dous portou por primeira vez a imaxe da Virxe nunha procesión marítima. Desde entón ata a data, -salvo nos dous anos da pandemia do coronavirus en 2020 e 2021-, a procesión




séguese celebrando de forma ininterrompida.

Os barcos portadores da imaxe nos últimos anos foron: Currana Un

(2022); Nuevo Cristo del Buen Viaje (2019); Currana Un (2018); Galiana Primero (2017); Bautista Pino (2016); Arrigorri (2015); Siempre Antares (2014); Albelo I (2013); Flecha (2012); Tronio (2011); Alba do Mar (2010); Nuevo Socio (2009); Montero (2008); Anxuela (2007); Pino Ladra (2006); Michos Sexto (2005).

Así, navegará nas augas da ría vivariense presidindo a procesión en Honra á Virxe María e patroa dos mariñeiros, cumprindo así cunha tradición chea de fervor relixioso e gran raizame entre a familia mariñeira.



**MERLUZA D& BURELA.** Despois do éxito das últimas accións levdadas a cabo o ano pasado, a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela lanza unha nova campaña publicitaria da súa marca Merluza D& Burela. Nesta ocasión a estratexia pon o foco no público sénior, con máis experiencia e consumidor habitual de peixe, fuxindo de marcados estereotipos onde a sociedade parece estar só representada polos mozos. "Son un faro para as demais xeracións e comparten moitos valores coa nosa marca", aseguran desde a OPP-7.



# O IES María Sarmiento, de Viveiro, contará con estudos náuticos

Tras dous anos de arduas negociacións por fin durante o próximo curso 2023-2024, a zona da costa de Lugo poderá contar con estudos de Formación Profesional no Ciclo Medio, para a obtención do título de Técnico en Navegación e Pesca de Litoral. A iniciativa de implantar estes estudos de ámbito náutico-pesqueiro na costa lucense partiu dos entes pesqueiros da zona, Confraría de Pescadores de Celeiro, e a empresa Porto de Celeiro S.A., quen conxuntamente con profesorado do IES María Sarmiento levaron a cabo as negociacións coas Concellerías de Educación e do Mar da Xunta de Galicia.

Os protagonistas manifestaron o seu optimismo e ilusión pola posta en marcha desta iniciativa, e que “As negociacións”, apunta Máximo Díaz da Confraría de Celeiro, “non foron fáciles, tivemos moitas dificultades inicialmente, pero nunca baixamos a garda e sobre a marcha fomos sorteando como puidemos os inconvenientes. Afortunadamente ao final todo saíu ben, e agora podemos poñer en marcha un ciclo de FP Dual Pesqueiro”.

**MATRÍCULA.** O curso para obter a Titulación de Técnico en Navegación e Pesca de Litoral é de dous anos; en principio barallábanse un total de 22 prazas aínda que



previsiblemente arríncase con 12. Desde o pasado 23 de xuño está aberta a matrícula e a información cos requisitos previos onde se precisa dispoñer de máis de 16 anos e estar en posesión do título de ESO ou equivalente. Con esta formación espérase dar ampla cobertura na materia á zona da Mariña-Ortega.

Durante os 2 cursos académicos os alumnos asistirán a clases en terra, desde setembro ata marzo, e logo continuarán a formación nun barco de pesca realizando prácticas ata o mes de agosto. A obtención deste título habilita aos seus posuidores para acceder a calquera ciclo formativo de grao superior. As persoas que obteñan os estudos serán titulados de ponte e poderán exercer e desempeñar as súas funcións en barcos pesqueiros cunhas condicións laborais atractivas.

Esta formación profesional dual abre un novo abanico de posibilidades ás persoas que queiran incorporarse ao sector pesqueiro

**FORMACIÓNS COMPLEMENTARIAS.** Outra novidade que anunciou a confraría celeirense foi que entre finais do presente exercicio e principios do seguinte calcúlase poñer en marcha en Celeiro un novo centro formativo que substitúa ao desaparecido Centro Vicente Gradaille. A entidade pesqueira ten practicamente pechadas as negociacións cun centro formativo que se implantará na localidade co claro obxectivo de “facilitar a formación a pé de peirao”, apunta Máximo Díaz, “este centro será un complemento perfecto para poder seguir facilitando formación personalizada ao groso da nosa frota, e a toda a comarca mariñá.

# A Confraría de Celeiro acolleu unha xornada sobre os recursos mariños

A Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo acolleu unha reunión para divulgar o denominado *Proxecto colectivo de Co-xestión no ámbito territorial das confrarías de Celeiro e O Vicedo*.

A responsable da Asistencia técnica de ambas as entidades pesqueiras foi a encargada de informar os asistentes sobre o citado proxecto que comprende accións de vixilancia de bancos marisqueiros e asistencia técnica.

As actividades principais do proxecto céntranse na xestión e seguimento dos recursos mariños nos bancos marisqueiros das demarcacións e ámbitos territoriais do Vicedo e Celeiro, con persoal técnico especializado para a elaboración, seguimento e cumprimento dos plans de xestión. O proxecto tamén contempla a conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos



recursos mariños, e nese sentido hai contrados 2 vixiantes guardapescas marítimos que se encargan da vixilancia nas citadas zonas. O obxectivo principal do proxecto é a xestión sostible e integral dos recursos mariños, hábitats costeiros dos ámbitos territoriais das Confrarías de Celeiro e O Vicedo. Trátase de que as entidades pesqueiras poidan levar a cabo unha

xestión que lles permita mellorar as condicións de vida dos profesionais do sector a longo prazo, á vez que aseguran o bo estado ambiental da zona e os seus recursos. O importe total do proxecto é de 121.109,01 euros, na anualidade 2021 utilizáronse 31.073,74 euros, no 2022 60.023,52 euros; e para o 2023 hai previstos 30.011,76 euros.

# O xerente da OPP de Burela, Sergio López, nomeado novo presidente do CCSUR

Celebráronse en Nantes, Francia, as Asembleas Xerais do Consello Consultivo de Augas Sur Occidentais, que é un dos sete Consellos Consultivos Rexionais incluídos na reforma da Política Pesqueira Común de 2002, e que ten como meta fomentar unha maior participación de todos os actores do sector para alcanzar os obxectivos de pesca sostible fixados na PPC. Na súa Asemblea Ordinaria validáronse as contas e actividade do exercicio 2022-23 e presentouse o novo programa de traballo e orzamento para 2023-24. As Asembleas Extraordinarias convocáronse para a renovación dos 25 representantes do Comité Executivo e os cargos de vicepresidentes e presidente, que agora ostentará o actual xerente da OPP-7 Burela.



Sergio López García convértese así no terceiro presidente do CC SUR, substituindo no cargo a Aurelio Bilbao Barandica, xerente de Opesca y das Confrarías de Pescadores de Biscaia, que o presidiu nos últimos 12 anos, tras Víctor Badiola, que foi o primeiro presidente entre 2007 e 2011.

# Sete concellos acadaron unha axuda para o embelecemento do litoral

A Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución da orde de axudas a entidades locais para financiar actuacións de embelecemento do litoral, que benefician a sete concellos mariñáns con achegas por importe global de 286.000 euros.

Así, a Administración autonómica apoia cadanseu proxecto en Xove – a creación dunha ruta litoral desde a praia de Esteiro a enseada de Muiñelo; e de punta Meitón a punta da Mansa –; Ribadeo –elaboración dunha guía interactiva do Centro de Interpretación Forte de San Damián –; Burela –desenvolvemento da presenza web do concello –; Viveiro –proxecto Viveiro en

dixital – e Foz – pasarela na praia da Rapadoira –.

Tamén se financiarán tres actuacións promovidas polo Concello do Vicedo – mellora no sendeiro da costa para fomentar a biodiversidade; dotación de pantallas dixitais na casa da cultura, oficina de turismo e casa consistorial; así como mellorar a accesibilidade da praia de Xilloi; e dúas en Cervo – integración paisaxística, acondicionamento e adecuación á paisaxe da parcela contigua ao Museo do Mar; ademais de adquisición e instalación de pantallas interactivas para a dixitalización de recursos con potencial turístico –.

# Comeza a veda da centola na provincia de Lugo

A veda da centola na parte litoral que vai desde A Guarda ata cabo Corrubedo e de cabo Corrubedo ata cabo Estaca de Bares xa comezou e prolongarase ata o vindeiro 5 de novembro, día incluído. Na provincia de Lugo, zona comprendida entre cabo Estaca de Bares e o río Eo, incluíndo a ría do Barqueiro, a veda comezará o 3 de xullo e prolongarase ata o 27 de novembro. Mentres, a veda do boi comezará o vindeiro 2 de setembro e prolon-

garase ata o vindeiro 5 de novembro, de acordo coa resolución pola que se aproba o plan de xestión das dúas especies para a campaña 2023-2024.

Nestes períodos queda expresamente prohibida a captura destas especies para todas as embarcacións por medio de calquera arte. De feito, as embarcacións dedicadas á captura de centola e boi con nasas deberán retiralas do seu calamento no momento en que comece.



# DEPORTES

## O Porta Norte conseguiu catro medallas no Torneo Interescolar

A Escola de Ximnasia Porta Norte participou na derradeira competición da tempada e que se celebrou no Pazo dos Deportes Paco Paz de Ourense.

Nesta final do Torneo Interescolares todas as ximnastas ribadenses e burelás estiveron fantásticas e obtiveron moi bos resultados.

Así, os conxuntos de prebenxamíns conseguiron unha prata e un bronce, as benxamíns acadaron o ouro e as alevíns de Ribadeo obtiveron a prata.

## Ribadeo acollerá un campus de fútbol do Real Oviedo

Ribadeo acollerá do 3 ao 7 de xullo un campus de fútbol do Real Oviedo no que participarán medio cento de nenos da contorna. O evento foi presentado no Parque de San Francisco.

Quique Pérez Pimentel, coordinador dos campus externos do Real Oviedo indicou que “estamos con moitas ganas de empezar a traballar aquí e coa nosa metodoloxía, con técnicos de canteira do feminino e de escola. O día 7 van ter a oportunidade de coñecer o Carlos Tartiere, realizar a visita ao museo e que poidan pisar o campo”.

## O Xove FS organiza un torneo 3x3



O Xove FS organiza para o vindeiro 26 e 27 de xullo de 2023 un torneo 3x3 no que poderán participar todos os conxuntos en categorías prebenxamín, benxamín e alevín.

Para participar será necesario anotarse antes do 21 de xullo na Omix de Xove, mandando un correo electrónico a [sdxove@gmail.com](mailto:sdxove@gmail.com) ou chamando aos teléfonos 982 571 816 ou 699 062 014.

## Viveiro contará co Campus de Verán do Deportivo da Coruña



O Concello de Viveiro e o Deportivo da Coruña presentaron o Campus de Verán 2023, que será do 3 ao 7 de xullo para nenos e nenas de entre 6 e 14 anos.

Ao acto de presentación asistiron a alcaldesa en funcións de Viveiro, María Loureiro; Pablo Barros, coordinador de actividades da Fundación do Deportivo da Coruña, e Francisco Vizoso, presidente do Viveiro SD.

Ademais dos adestramentos técnicos no campo municipal

Marcos Gómez, os nenos e nenas participantes recibirán unha equipación do Deportivo, agasallos, merendas, diplomas, etc. Haberá outros xogos e unha festa de clausura.

Asistirán varios adestradores da canteira do Deportivo. Os nenos e nenas poderán asistir na próxima tempada a un partido do Dépor. Os prezos oscilan entre os 105 e os 125 euros e a inscrición debe facerse a través de [deporcampus.rcdeportivo.es](http://deporcampus.rcdeportivo.es)

## O Praias de Barreiros CD presentou a nova xunta directiva

O Praias de Barreiros CD fixo a súa asemblea anual na que foi presentada a nova xunta directiva. Antes de comezar quixeron agradecer a Julio Rocha todo o feito e que “o botarán de menos”.

Así, o novo presidente será Alfonso Fernández Croas; a vicepresidenta, Arantxa Arias Reboredo; o secretario, Faustino González Díaz; o tesoureiro, Manuel Fuente Dorado, e como vogais foron nomeados Guillermo

González López, Oliver González Río, Luis Miguel Rodríguez López e Borja Rocha Vázquez.

Dende “hoxe” poñeranse máns o traballo, para darlle continuidade os dous equipos tanto masculino, en Preferente Norte, como o feminino, en Primeira Autonómica.

Tamén informaron que Borja Rocha non continuará adestrando o equipo en Preferente, “unha decisión de mutuo acordo”.



**ACD Xove.** Os alevíns de fútbol salada ACD Xove recibiron un pequeno homenaxe e recoñecemento por parte do Concello de Xove pola súa proclamación como campións provinciais. Así mesmo, foi homenaxeada Ana Paz como campiona provincial de bádminton.

## O equipo de hóckey liña Os Trasnós gañou o III Torneo pa Guajes en Pola de Laviana



O equipo alevín ribadense de hóckey liña Os Trasnós veñen de gañar o III Torneo pa Guajes en Pola de Laviana no que participaron rapaces de diferentes clubs da península como Astu-

rias, Galicia, Castela León ou Madrid.

Ademais do torneo o xogador ribadense Xoel Nonide fíxose co trofeo MVP o mellor xogador alevín do torneo.

## O Ribadeo FC fíxose coa Copa Deputación 2023



O Ribadeo FC proclamouse vencedor da Copa Deputación 2023 ao gañar ao Chantada Atlético por 2-1. O partido celebrouse nun estadio municipal de Polcheo de afeccionados celestes. O enfrontamento comezou sen grandes xogadas polo que o primeiro gol non chegou ata o mi-

nuto 77, xa na segunda parte, gracias a Jorge. Poucos minutos despois, Daniel, logrou o empate para os chantadeses. Cando faltaban tres minutos para o remate do partido, Alejandro sumou un gol ao marcador mariño, facendo así, que os ribadenses levaran a Copa para casa.

## O Club de Remo de Ribadeo conta cunha nova embarcación

O Club de Remo de Ribadeo xa conta cunha nova embarcación M6, así o informou o presidente do club, Miguel Balsa.

A Área de Medio Rural, Mar e Cidade da Deputación concedeulle a esta entidade unha subvención para colaborar no financiamento dos gastos derivados da adquisición, cuxo custe se achegou aos 14.000 euros. Balsa subliñou que “coa chegada desta embarcación garántase tamén

unha maior seguridade para atender un rescate ou calquera outra emerxencia”.

**CAMPIONATO.** Celebrouse o Campionato de España cadete de Remo olímpico 2023 e no que os deportistas obtiveron bos resultados. Así, na categoría cadete conseguiron dous subcampeonatos en 2x con Mateo Monteserin González e Conrado Lara Calonge, e o 1x de Irene García Valle.



# “A nosa intentación é crear un equipo cadete esta tempada”

O Celeiro Club del Mar atópase en Terceira malia que a súa ilusión é ascender

Martín Rodríguez é o adestrador do primeiro equipo do Celeiro Club del Mar e máis o que leva a dirección deportiva do club e o secretario do mesmo.

**Como son os comezos do club?**  
Pois como club é un refundido porque o xa competiu nos anos 70 e despois desapareceu e no 2014 volvemos fundalo un grupo de amigos aos que nos gusta este deporte e ademais porque pensábase que ao facer o campo de fútbol de Lavandeiras en Celeiro, se lle ía dar uso, malia que a día de hoxe nada de nada. Hai proxecto e hai convenio das institucións para facelos vestuarios e o peche perimetral pero a día de hoxe non se fixo.

**Que se atopa na directiva?**

A directiva foi cambiando nestes anos e agora somos máis persoas implicadas. Queremos ampliar tamén este equipo directivo pois cantos máis mellor. Así, entre xogadores, corpo técnico e directiva somos 30 persoas. E está formada por Iván Castro que é o presidente, Elena Martínez de vicepresidenta, Carla Rouco de tesoureira, Alejandro Martínez e David López de vogais, e eu, Martín Rodríguez como adestrador e director deportivo.

**Cantas categorías teñen?**

Tan só temos equipo sénior que milita na Terceira Autonómica Norte e levamos dúas temporadas quedándonos aí a nada de

pelexar polo ascenso a Segunda. A nosa intención é a de crear un equipo cadete esta tempada, e veremos se podemos conseguilo.

**Que obxectivos teñen para a vindeira tempada?**

Para a temporada que vén o obxectivo é claro aínda que vai ser complicado. Gustaríanos ascender, pero nesta ocasión quedamos a un punto dos *playoff* de ascenso. Tamén haberá que facer algunha fichaxe que nos axude no obxectivo. Pero dende hoxe xa comezamos a traballar na temporada 23/24, na que xa cumprimos dez anos e na que vamos arrincar con ilusión e forzas renovadas.



**Teñen algunha necesidade como club actualmente?**

Este ano vai ser a terceira temporada que xoguemos en Trasvías de Galdo, e estamos moi contentos con este campo pois hai grada e a xente ven moito aos nosos partidos, anima moito e fan ruxir Trasvías. Pero como veciños de Celeiro gustaríanos xogar no campo de Lavandeiras, esta claro, esperemos que sexa pronto senón, pero temos que dicir que en Galdo trátannos moi ben, pero estaría xenial vernos no campo de Celeiro con ves-

tiarios, as pistas de atletismo e unha grada, e estou seguro que habería moita xente e poderíamos sacar fútbol base dende alevín.

**Algún momento ou logro que lembre de forma especial ao longo destes anos?**

O logro foi na temporada pasada a 2021-2022 na que o equipo so fixo 6 puntos na liga regular e despois na fase de ascenso quedou a un punto de conseguilo. Foi espectacular.

# O Troitas Bravas acadou o seu primeiro título nacional

LNB.

Facía xa catro longos anos dende a última vez que palanadores de toda Galicia se xuntaran en Compostela. Nestes catro anos pasaron moitas cousas, distanciamentos inexplicables, restructuracións necesarias e amigos que se foron e outros que viñeron para quedar.

Dende moi cedo xentes das Rías Baixas e de toda a provincia da Coruña saían á mesma hora que a guagua de Ribadeo, a cal ao seu paso por media provincia de Lugo ategouse ata os topos cara Compostela, capital mundial da billarda por un día.

Pronto empezaron as billardas a voar pola area, oito grupos distribuídos en catro campos. As primeiras carreiras fixéronse longas, xa que cada pouco había que parar a saudar aquelas amizades que aínda non viras e así foi pasando a mañá da que saíron de cada grupo catro clasificados.

Tamén na mañá quedou decidido quen sería o campión de varados. E non podía ser outro que o tricampión nacional Marcos Rodríguez Rodríguez, Markytos foi o único en conseguir ese golpe excepcional que todos buscaban.

Na categoría infantil Alba de Troitas foi terceira, Valentín de Filloas de Sangue segundo e Antía de Gharaboto proclamouse campioa demostrando que non son futuro, se non xa son o presente da billarda.

Na clasificación feminina dúas grandes campioas xa míticas da LNB voltaron ao podio. Geni de Billardeiros



foi terceira e Elena de Gharaboto subcapioa. Pero nesta ocasión a campioa foi Aroa dos Billardeiros Musicais que con unha xornada brillante case se mete nas semifinais da categoría absoluta.

Por equipos as Troitas Bravas Billarda acadaron o seu primeiro título Nacional nun ano espectacular para elas. No segundo chance estivo a grata sorpresa da tarde, unha equipa histórica, unha equipa fundadora da LNB, unha equipa querida por todos, acadaron o subcampeonato os Remourelle Bulls nun desempate quedando así terceiros Corredoiras de Bueu, outros asiduos do podio en Compostela.

Así chegou a tarde onde se disputaron as eliminatorias pola coroa que se outorga ao campión nacional.

Trinta e dous superviventes foron disputando carreiras baixo o sol ata que só catro xogaron as semifinais. Manu Caldeiro eliminou a Navallo,

Milio fixo o mesmo con Benito. No terceiro e cuarto posto David Navallo de Troitas Bravas logrou subir a podio ao gañar a Benito de Corredoiras que quedou así nun meritorio cuarto posto.

Con paixón e nervios estaba expectante o público para ver quen sería o sucesor de Daniel Rodríguez Saavedra, último Caroceiro Nacional. O bravo Manu saía con un gran golpe que deixaba a billarda ao pé de varal, Milio facía o mesmo e sen tremelle o pulso metía a billarda nun segundo golpe. Na segunda carreira saíu Milio, moi concentrado toda a final, fallou Manu e de novo en dous golpes Emilio José Acevedo Iglesias conseguiu alzarse como Caroceiro Nacional e campión da tempada 22/23 facendo que o seu equipo, os Remourelle Bulls saltaran de ledicia ante o feito histórico que estaba a suceder naquel mesmo intre!

# A V Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo será o 19 de agosto

A V Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo terá lugar o 19 de agosto e está organizada polo Club Atletismo Ribadeo. Poderán participar na proba absoluta todas aquelas que o desexen sempre que teñan 16 anos ou máis.

As carreiras de menores disputaranse a partires das 20.00 horas na contorna do Parque de San Francisco e a Casa do Concello, agás as categorías infantil e cadete que terán a súa saída no Faro de Illa Pancha.

A carreira absoluta farao ás 21.45 horas a vila de Rinlo e a meta diante da Casa do Concello da vila de Ribadeo, pechándose a entrada en meta as 23.00 e un percorrido dúns 9 kms. Nesta categoría será obrigatorio o uso de frontal de luz e aconsellable o uso de reflectores. A saída absoluta terá lugar no Porto da vila de Rinlo e discurrirá pola estrada entorno á costa ata a vila de Ribadeo, pasando antes pola Illa Pancha, Cargadoiro e entrará na vila pola avenida Calvo Sotelo, rúa Rodríguez Murias e Vilafranca do Bierzo, rematando diante da Casa do Concello.

Disporase de servizo de autobús para desprazar aos atletas dende a vila de Ribadeo, onde é a meta, ata Rinlo onde se atopará a saída, debendo ter que anotarse, todo o que desexe utilízalo, no momento



da inscrición.

Na categoría de pitufos e prebenxamín recibirán unha medalla todos os participantes. Na categoría de benxamín, alevín, infantil e cadete recibirán medalla ou trofeo os tres primeiros de cada categoría tanto en feminino como en masculino. En absoluta terán premios os tres primeiros absolutos tanto masculino como feminino.

Tamén haberá trofeos para o primeiro e primeira ribadense censado como mínimo 5 anos no concello, os tres primeiros equipos de clubs rexistrados e con equipos mixtos.

As inscricións xa están abertas e pecharanse o 16 de agosto e haberá un límite de 700 participantes. Para máis información pódese consultar a web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).



## DE RUTA EN RUTA

# Barreiros: Lagoa de Pallares

Natureza e patrimonio arquitectónica ao carón do mar son os ingredientes desta ruta pola Mariña

O percorrido desta ruta desenvólvese entre o paraíso formado pola ría de Foz-Masma, lugar chave de biodiversidade a nivel europeo (Rede Natura 2000), e a paisaxe rural propia deste recuncho de Galicia, case sempre salpicada de pequenas construcións con identidade propia froito da herdanza colectiva dos nosos antepasados.

Na súa confluencia co mar Cantábrico, a ría conforma un fértil espazo natural cun potente atractivo para numerosas especies de aves que a utilizan como área de descanso durante as súas migracións ou como refuxio en época invernal, o que a converte nun dos mellores lugares da Mariña Lucense para a práctica do *birdwatching*.

Ao longo do percorrido poderase chegar en varias ocasións á beira deste esteiro e apreciar, ademais, a existencia de numerosas especies de flora e fauna.

O patrimonio cultural, encadrado maioritariamente na segunda metade do trazado, reflicte a interacción dos seus habitantes co medio, os seus costumes, valores e, mes-

mo, a súa creatividade. Entre este importante legado atópanse casas, hórreos, lavadoiros, igrexas, pombois ou cruceiros, entre outros.

A ruta comeza no aparcadoiro do campo de fútbol do Cascabeiro e dende este punto tomarase dirección norte para, a uns poucos metros, atopar un cruceiro de pedra, onde nos desviaremos á esquerda, tomando unha estrada local. A par-

tir de aí comeza un descenso suave cara a contorna da ría de Foz-Masma que conta con diversos puntos desde onde se obterán unhas fermosas vistas á mesma podendo prestar atención á flora e fauna propia desta contorna natural.

Este esteiro é un dos puntos estratéxicos de Galicia para a observación de aves (recomendase levar prismáticos) e ademais, considé-

rarse unha xoia natural cuxo valor ambiental está avalado por diferentes figuras de protección tales como Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Está incluída no inventario de humidais de Galicia e no catálogo de IBAs (Important Bird Areas).

Así mesmo, na contorna deste esteiro, poderase descubrir a pequena Lagoa de Pallares, que lle dá nome á ruta. E bordeando o lugar de Pallares, volverase a pasar por xunto á lagoa nun tramo asfaltado para, desta vez, desviarse cara os lugares de Vilar e A Áspera e adentrarse así na parte da ruta máis vinculada ao patrimonio cultural de carácter etnográfico, relixioso e civil.



## DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605